



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de xaneiro de 2018**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D. Angel Rivas González.

Na Casa do Concello de Vigo, ás catorce horas e quince minutos do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezoito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(42).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 11 de xaneiro e extraordinaria e urxente do 15 de xaneiro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(43).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL DURANTE OS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2017. EXPTE. 150028/301.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/01/18, asinado polo xefe de Área de Benestar Social e pola concelleira-Delegada da Área de Política Social, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31 das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Benestar Social nos meses de: novembro e decembro de 2017

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
19/12/2017	Informes avaliación vivendas programa mellora fogares	2279900	201700118703	3.267,00€	Orlando Abildua Capetillo
10/11/2017	Programa Odisea	2279906	201700103504	600,00€	Asoc. Alborada
13/12/2017	Elaboración material divulgativo	2279906	201700116785	17.726,50€	Julinda Molares Cardoso
13/12/2017	Intervencións informativa e sensibilizadora medios de comunicación	2279906	201700116789	11.650,00€	Varios
21/11/2017	Organización e produccion XI Xornadas PLDA	2279908	201700105485	3.000,00€	Varios
21/11/2017	8 Charlas programa prevención	2279908	201700105486	1.000,00€	Asoc. Érguete

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

3(44).-CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZOS DE XESTIÓN DE RESIDUOS PROCEDENTES DE CONSTRUCIÓN E DEMOLICIÓN XERADOS NO TALLER DE VÍAS E OBRAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 79712/250.

Dáse conta da proposta de data 22/01/18 asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 22 de xaneiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:



Concello de Vigo

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión de residuos procedentes de construcións e demolicións xerados no taller de vías e obras do Concello de Vigo (79.712-250) na seguinte orde descendente:

	Licitador	% baixa ofertada
1	GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U.	12,50%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GONZÁLEZ COUCEIRO, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.012,94 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(45).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO DURANTE OS MESES DE SETEMBRO A DECEMBRO. EXPTE.14820/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 19/01/18, asinado polo xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego e polo concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

Con fin de dar cumprimento ao establecido nas bases xerais (31ª) de execución do orzamento do Concello de Vigo, este concelleiro delegado informa á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contrato menor tramitados por este servizo de Desenvolvemento Local e Emprego durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2017:

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
14392/77	CM-SER	Servizo contra incendios do Centro de Iniciativas de Emprego (CIE)	Atlántica de Sistemas Contra Incendios, S.L.	35,70 €
14394/77	CM-SER	Limpeza no Centro de Iniciativas de Emprego	Solymusic Events,S.-L.U.	2.362,19 €

Expediente	Tipo	Asunto	Adjudicatario	Importe
14393/77	CM-SUB	Adquisición mobiliario para o CIE	Ekipo Sociedad Suministradora Mobiliario, S.L.	6.949,37 €
14396/77	CM-SUB	Adquisición equipos portátiles para o CIE	Aevigo, S.L.	3.993,00 €
14397/77	CM-SUB	Subministro dunha destructora de papel	Aevigo, S.L.	1.892,68 €
14417/77	CMOB	Obra impermeabilización parcial no auditorio do Centro Cívico de TEIs	E7 2014, S.L.	2.113,55 €
14418/77	CM-SUB	Adqu. Materiais construción e mantemento Vigo Emprega	Xenérico	2.279,99 €
14431/77	CM-SUB	Adqu. Materiais obras instalacións municipais	Xenérico	9.779,99 €
14450/77	CM-SUB	Gastos diversos O.E. Vigo Capacita IV	Xenérico	350,00 €
14461/77	CM-SER	Formación PRL Vigo Emprega-2ª quenda	Laboral Formación Sistemas Formativos	7,900,00 €
14473/77	CM-SER	Curso PRL O.E. Formaweb	Seforma, S.L.	720,00 €
14494/77	CM-SUB	Vestuario O.E. Formaweb	Bieitonova	437,54 €
14495/77	CM-SUB	Material oficina para O.E. Vigo Capacita IV	Xenérico	110,00 €
14496/77	CM-SUB	Vestuario para O.E. Vigo Capacita IV	Costa Oeste	2.787,85 €
14497/77	CM-SUB	Productos alimenticios O.E. Vigo Capacita IV	Xenérico	2.100,00 €
14498/77	CM-SUB	Productos de limpeza O.E. Vigo Capacita IV	Xenérico	530,00 €
14499/77	CM-SUB	Gastos diversos O.E. Vigo Capacita IV	Xenérico	780,00 €
14500/77	CM-SUB	Outros subministros O.E. Vigo Capacita IV	Xenérico	1.300,00 €
14501/77	CM-SER	Curso PRL O.E. Vigo Capacita IV	Seforma, S.L.	720,00 €
14525/77	CM-SUB	Aluguer equipos informáticos O.E. Vigo Capacita IV	Xenérico	2.200,00 €
14573/77	CM-SUB	Adqu. Dúas tablets para apoio Servizo Emprego	Aevigo, S.L.	408,98 €
14592/77	CM-SUB	Adqu. EPIS para traballadores Vigo Emprega	Peycar, S.L.	4.480,25 €



Concello de Vigo

Expediente	Tipo	Asunto	Adxudicatario	Importe
14593/77	CM-SUB	Adqu. Maquinaria Vigo Emprega	Torres y Sáez,S.A.	4.619,04 €
14598/77	CM-SER	Servizos publicación anuncios para programas de Fomento do Emprego Xuvenil	Xenérico	3.000,00 €
14604/77	CM-SER	Impartición curso de “Sensibilización ambiental” O.E. Formaweb	Seforma, S.L.	306,00 €
14617/77	CM-SER	Aplicativo control beneficiarios Programas Integrados e “Vigo polo Emprego da Mocidade”	Aevigo, S.L.	3.630,00 €
14657/77	CM-SER	Curso de “Sensibilización de igualdade de xénero” O.E. Formaweb	Academia Postal	360,00 €
14693/77	CM-SER	Servizos técnicos para O.E. Formaweb	Xenérico	1.764,00 €
14718/77	CM-SUB	Sub. Substitución componentes instalación eléctrica na nave de A Florida	Xenérico	12.000,00 €
14728/77	CM-SUB	Material de oficina O.E. Formaweb	Xenérico	910,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

5(46).-PROPOSTA ESTIMATORIA PARCIAL DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA ACORDO DA XGL RELATIVO A CONCESIÓN DE “SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE EMPREGO EN ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO 2017”. EXPTE. 14414/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/01/18, dáse conta do informe-proposta de data 8/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, o concelleiro delegado de Emprego, e o concelleiro de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. Con data 14/12/2017 a técnica de administración xeral emitiu o seguinte informe:

“Con Rexistro de entrada de data 07/09/2017 (DOC. 170121834), don Rubén Pérez Méndez, actuando en calidade de Presidente da Asociación de Comerciantes e Hosteleiros ZONA NÁUTICO, interpón recurso de reposición contra o acordo da Xunta de Goberno Local do 04/07/2017 adoptado de conformidade coa proposta da Comisión de Valoración e Seguimento da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con

Sindicatos, denegando a axuda solicitada por importe de 29.814,72 € ao abeiro da convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o ano 2017, polo motivo de non estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións nun dos epígrafes relacionados na Base 1ª da convocatoria.

A petición do xefe de servizo de Desenvolvemento Local e Emprego e, unha vez examinados os expedientes relacionados co obxecto do recurso, emítase o seguinte informe xurídico con proposta de resolución:

1º) Con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 10/07/2015, a Asociación de Comerciantes e Hosteleiros Zona Náutico achegou solicitude de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións (DOC. 150092536), especificando no apartado 4. TIPOLOXÍA DA ASOCIACIÓN, Clave 5: PROFESIONAL, Tema 3: EMPRESARIOS (COMERCIANTES), Grupo 1, e debidamente asinada por don Rubén Pérez Méndez en calidade de representante legal da entidade (expte. 7374/320 do departamento de Participación Cidadá).

2º) Mediante notificacións de data 14/07/2015 (con acuse de recibo do 20/07/2015) e de 02/06/2016 (con acuse de recibo do 11/07/2016), requiriuse á entidade solicitante para subsanación da documentación achegada no prazo de dez días, con advertencia expresa de que de non achegala teríaselle por desistido da súa petición, previa resolución, ou ben declararíaselle decaído no seu dereito ao trámite, resultando informada desfavorablemente por non cumprir a normativa vixente. Transcorridos tres meses produciríase a caducidade do procedemento podéndose acordar o arquivo das actuacións (expte.nº 7374/320).

3º) Con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 24/02/2017 (DOC. 170027891) a Asociación achega actualización da documentación do Rexistro Municipal de Asociacións (expte.nº 7374/320).

4º) Mediante acordo do 23 de febreiro de 2017, a Xunta de Goberno Local aprobou as "Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para o Fomento do Emprego de entidades sin ánimo de lucro", correspondentes ao ano 2017 por importe de 1.000.000,00 € (expte. 13.659/77).

5º) Mediante notificación de data 03/03/2017 achégase a resolución do Concelleiro de Parques, Xardíns, Comercio e Participación Cidadá da inscrición da "Asociación de Comerciantes y Hosteleros Zona Náutico", con número municipal 1297-17 coa seguinte clasificación: Tipo: 5 Laboral, Sindical, Profesional; Tema: 3 Profesionais (non colexio profesional); Grupo. A notificación consta recibida pola entidade recorrente o 10/03/2017 (segundo o acuse de recibo do expediente), e nela figuraban indicados os recursos procedentes, así coma o prazo e o órgano competente para a súa resolución (expte.nº 7374/320).

6º) No BOP do 06/03/2017, procedeuse á publicación do extracto da convocatoria de "Subvencións para o fomento do Emprego de entidades sen ánimo de lucro 2017", dando comezo ao inicio do prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes.

7º) Con Rexistro de entrada no Concello de Vigo de data 17/03/2017 (DOC. 170041340) a Asociación Zona Náutico achegou a súa solicitude para participar na "Convocatoria de subvencións para o Fomento de Emprego en entidades sin ánimo de lucro 2017" (expte.



Concello de Vigo

13.911/77).

8º) Con Rexistro de entrada de data 10/05/2017 achégase solicitude (DOC. 170066761) asinada por don Rubén Pérez Méndez no que afirma que despois de constatar a inscrición nun epígrafe erróneo (5.3 PROFESIONAIS), solicita que se lles inscriba no epígrafe 5.2 EMPRESARIOS, COMERCIANTES, conforme ao que figura nos seus Estatutos. Coa mesma data de Rexistro no Concello de Vigo e nº DOC. 170066814, solicitan que se subsane a inscrición con carácter retroactivo, xa que, debido a ese erro os excluiran de varias axudas (expte.nº 7374/320).

9º) Reunida a Comisión de Valoración da convocatoria de "SUBVENCIONES PARA O FOMENTO DO EMPREGO DE ENTIDADES SIN ANIMO DE LUCRO ano 2017", segundo consta en acta do 19 de maio de 2017, e unha vez revisadas todas as solicitudes presentadas, desestímase a da Asociación Zona Náutico recorrente, entre outras, por non cumprir cos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto, por constar inscrita no RMA nun epígrafe non válido (5.3).

10º) Mediante notificación de data 26/05/2017 (con acuse de recibo de data 06/06/2017), comunícase en resposta aos escritos presentados en data 10/05/2017 (DOC. 170066761 e 170066814), que se procedeu á modificación do epígrafe en que foi inscrita a Asociación, pasando do epígrafe 5.3 ao 5.2 (5: Laboral, sindical, profesional e 2: Empresarios (pymes, comerciantes e autónomos), engadindo que devandita modificación terá efectos a partir da data da sinatura electrónica da presente notificación (expte.nº 7374/320).

11º) A Comisión de Valoración réunese o 19/06/2017 para rectificación dun erro material detectado pola Intervención xeral municipal.

12º) A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 04/07/2017 e, de conformidade coa proposta da Comisión de Valoración e Seguimento da Concellería de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos relativa á convocatoria de subvencións para o fomento do emprego en entidades sen ánimo de lucro para o ano 2017, acordou desestimar a axuda solicitada pola Asociación Zona Náutico por importe de 29.814,72 €, por non estar inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións cun dos epígrafes relacionados na Base 1ª desta convocatoria (5.3).

13º) Mediante notificación de data 08/08/2017 comúnicase a desestimación da axuda solicitada, indicando os recursos procedentes contra o anterior acordo.

14º) Con Rexistro de entrada de data 07/09/2017 (DOC. 170121834), don Rubén Pérez Méndez, actuando en calidade de Presidente de ZONA NÁUTICO, interpón recurso de reposición contra o anterior acordo .

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Recurso de reposición:

O recurso de reposición achegado reúne os requisitos obxectivos e temporais que para a súa admisibilidade esixen os artigos 123 e 124 da vixente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), polo que cómpre admitilo a trámite e proceder á análise das alegacións achegadas.

II. Alegacións:

O interesado, en síntese, manifesta o seguinte:

- que tendo coñecemento de que se ía convocar un novo proceso de concesión de axudas procedeu a cumprimentar os formularios correspondentes cumprindo, ao seu entender, cos requisitos formais para optar ás mesmas;

- que a mediados de abril tivo coñecemento de que a súa asociación non se atopaba entre as beneficiarias e que ao intentar averiguar o motivo da exclusión lles informan de que a asociación fora inscrita erróneamente no epígrafe 5.3 (Profesionais) en lugar da que correspondería pola súa natureza e polo carácter dos seus Estatutos (Empresarios/Comerciantes);

- que houbo dúas solicitudes de corrección que non foron atendidas debidamente e que como consecuencia, se produciu un incumprimento accidental do establecido nas bases da convocatoria para poder acceder ás axudas; en data 10/05/2017 achegou sendos escritos solicitando adaptar a súa situación administrativa á categoría real da Asociación e para que se entendesen, así mesmo, como escrito de alegacións ao expediente de asignación das axudas;

- que o 26/05/2017 o Concello notificoulles unha resolución da súa nova categoría coma Asociación, desestimando a súa pretensión de efectos retroactivos para poder subsanar o requisito esixido nas bases da convocatoria de subvencións e que, finalmente, o 09/08/2017 recibiron notificación do responsable do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego na que se desestimaba definitivamente a súa petición;

- que en atención ao exposto, interpoñen recurso de reposición contra a desestimación da axuda solicitada dentro do prazo outorgado; que a tenor dos dereitos recoñecidos no art. 53 da LPAC lles gustaría coñecer o expediente orixinal de inscrición da súa asociación no RMA para coñecer cal foi o informe efectuado para a súa inclusión nesa categoría, do que nunca foron coñecedores nin previamente advertidos para poder subsanar; alegan a indefensión producida provocada polo incumprimento da Administración na análise da documentación achegada ao expediente de inscrición e na falta de dilixencia para correxir o que podería ser un simple defecto de forma e solicitan a adaptación dun novo período extraordinario para a aportación da documentación ou a súa inclusión na lista de asociacións con dereito a subvención, por terse apreciado unha clara falta de dilixencia administrativa, debendo aceptarse a inclusión da Asociación con carácter retroactivo para que produza os efectos de admisión no réxime de axudas.

III. Acceso ao expediente administrativo e obtención de copias:

En canto dereito do interesado no procedemento administrativo recoñecido no artigo 53.1.a) da LPAC, resulta procedente permitir o acceso ao contido do expediente 7374/320 que estará á súa disposición no departamento de Participación Cidadá, así coma á obtención, no seu caso, da copia dos documentos que indique a tal efecto.

IV. Retroactividade dos actos administrativos:

Dacordo co disposto no artigo 39 da LPAC, os actos das AAPP presumiranse válidos e producirán efectos desde a data na que se diten, agás que neles se dispoña outra cousa.

A eficacia quedará demorada cando así o esixa o seu contido ou estea supeditada á súa notificación, publicación ou aprobación superior.



Concello de Vigo

Excepcionalmente, poderá outorgarse eficacia retroactiva aos actos cando se diten en substitución de actos anulados, así como cando produzan efectos favorables ao interesado, sempre que os supostos de feito necesarios existisen xa na data á que se retrotraiga a eficacia do acto e ésta non lesione dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas.

V. Procedemento de concorrencia competitiva:

A convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro 2017 é un procedemento de concorrencia competitiva (expte. 13.659/77):

1º) Para participar no devandito procedemento é preciso que as entidades aspirantes cumpran os requisitos contemplados nas bases da convocatoria, a fin de non incorrer nunha causa de exclusión e, en consecuencia, resultar desestimada a súa petición.

Este foi o motivo polo que a Asociación Zona Náutico foi excluída do presente procedemento: por non estar inscrita no epígrafe correspondente do Rexistro Municipal de Asociacións, para optar ao Programa IV, de "Entidades empresariais", Epígrafes 5.2.

Porén e, dacordo cos antecedentes anteriormente expostos, tal e como se desprende da posterior rectificación no epígrafe correspondente do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA), a recorrente daba cumprimento a este requisito no momento de presentación da súa solicitude - pois a devandita rectificación ten un carácter meramente declarativo e non constitutivo - polo que os supostos de feito necesarios xa existían na data á que debe retrotraerse a eficacia dese acto administrativo favorable aos intereses da entidade interesada.

2º) Unha vez verificado o cumprimento dos requisitos para participar no procedemento, procedería examinar se a documentación achegada pola entidade recorrente é a esixible para optar ao Programa IV: "Entidades empresariais" de 200.000,00 €, cun límite de 30.000 € por solicitude:

A interesada non achega o certificado de estar ao corrente coa Axencia Estatal Tributaria, constando unicamente o resguardo da súa solicitude.

Nos datos do proxecto do Anexo V, verifícase que a data de remate da contratación (02/05/2018), excede amplamente o período obxecto da subvención (ata o 30/09/2017), polo que non resulta procedente o importe total solicitado de 29.814,72 € que figura no Anexo I. Xa que logo, deberán corrixirse os datos achegados proporcionalmente aos 4,94 meses subvencionables, resultando uns custos salariais de 9.221,40 € e uns custos de Seguridade Social de 3.052,33 €, que ascenderían a un importe total de 12.273,73 €.

Tampouco consta no expediente se a entidade ten ou non débedas co Concello de Vigo, porque ao resultar excluída inicialmente, non foron requiridos os seus datos á Tesourería do Concello de Vigo mediante petición do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego de data 08/05/2017 nin posteriores; circunstancia esta que será comprobada de oficio.

3º) Tal e como consta no expediente nº 13.659/77, existiría crédito suficiente para atender á solicitude de subvención da asociación recorrente, sen que resultasen minoradas as contías das subvencións outorgadas ás demais entidades concorrentes ao Programa IV e ao resto dos Programas da convocatoria, sen prexuízo do informe que a tal efecto emita a Intervención Xeral Municipal con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

VI. Resolución dos recursos administrativos

O art. 119 da LPAC dispón que a resolución do recurso estimará en todo ou en parte ou desestimará as pretensións formuladas no mesmo ou declarará a súa inadmisión.

Cando existindo vicio de forma non se estime procedente resolver sobre o fondo ordenarase a retroacción do procedemento ao momento no que o vicio foi cometido, sen prexuízo de que eventualmente poida acordarse a convalidación de actuacións polo órgano competente para iso, dacordo co disposto no art. 52.

O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma coma de fondo, plantee o procedemento, teñan sido alegadas ou non polos interesados. Neste último caso se lles oírán previamente. No entanto, a resolución será congruente cas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poda agravarse a súa situación inicial.

Dacordo cos antecedentes de feito e fundamentos de dereito anteriormente expostos, procedería a estimación parcial do recurso de reposición achegado pola asociación recorrente, sempre que:

- a interesada achegue o certificado da AEAT de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias ao tempo da presentación da súa solicitude (17/03/2017), e rectifique os Anexos I e V, de maneira que axuste os datos do proxecto de contratación ao período obxecto de subvención (límite 30/09/2017), e o importe total da subvención solicitada (12.273,73 €);*
- se comprobe que a interesada non ten débedas pendentes co Concello de Vigo*

A adopción do presente acordo non lesiona os dereitos ou intereses lexítimos doutras persoas conservándose as restantes actuacións do procedemento obxecto de recurso.

VII. Órgano competente:

Dacordo co previsto nas bases reguladoras da subvención e na lexislación de réxime local e de procedemento administrativo común, a adopción do devandito acordo é da competencia da Xunta de Goberno Local.

*Unha vez achegada a documentación esixida e verificada a inexistencia de débedas co Concello de Vigo, elevarase proposta de acordo de estimación parcial do recurso de reposición á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral Municipal, que será notificado á interesada a fin de que achegue a documentación para xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, tendo en conta que xa rematou o período para a realización das actividades de fomento do emprego obxecto da subvención (desde o **1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2018**) así coma o período de **un (1) mes** a contar desde o remate das accións de fomento do emprego subvencionado.*

O que se informa aos efectos oportunos."

II. Con data 14/12/2017 deuse traslado á Asociación recorrente do devandito informe con proposta de resolución nos termos do art. 119 LPAC e requiríuselle para que, **no improrrogable prazo de DEZ días**, achegase a seguinte documentación, con advertencia expresa de que de non achegala no período indicado, teríase por desistido da súa petición



Concello de Vigo

ou ben declararíasele decaído no seu dereito ao trámite, resultando informado desfavorablemente por non cumprir a normativa vixente:

- Certificado da AEAT de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias ao tempo da presentación da súa solicitude (17/03/2017);
- Anexo V rectificando, axustando os datos do proxecto de contratación ao período obxecto de subvención (límite 30/09/2017);
- Anexo I rectificando o importe total da subvención solicitada (12.273,73 €);

III. Unha vez rematado o prazo outorgado, non consta que a Asociación de Comerciantes e Hosteleros Zona Náutico nin que don Rubén Pérez Méndez - actuando en calidade de Presidente, achegasen documentación ningunha en atención ao devandito requirimento, polo que cómpre informar desfavorablemente a súa solicitude de subvención.

De conformidade co anteriormente exposto, a tenor do previsto nas bases reguladoras da subvención, da lexislación de réxime local e do procedemento administrativo común, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relación con Sindicatos, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Estimar parcialmente, de conformidade cos antecedentes de feito e fundamentos de dereito anteriormente expostos, o recurso de reposición achegado con Rexistro de entrada de data 07/09/2017 (DOC. 170121834), por don Rubén Pérez Méndez, actuando en calidade de Presidente da Asociación de Comerciantes e Hosteleros ZONA NÁUTICO, unha vez examinado o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria de subvencións logo da rectificación do erro na inscrición no RMA no epígrafe correspondente (5.2) con eficacia retroactiva segundo o disposto no artigo 39 da LPA.

SEGUNDO: Denegar a solicitude de subvención achegada en data 17/03/2017 (DOC. 170041340) pola Asociación de Comerciantes e Hosteleros ZONA NÁUTICO para participar na "Convocatoria de subvencións para o Fomento de Emprego en entidades sin ánimo de lucro 2017" (expte. 13.911/77), por non reunir os requisitos esixidos polas bases reguladoras, ao non ter atendido o requirimento efectuado para completar a documentación achegada.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados no expediente aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES a contar dende o día seguinte ao da notificación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(47).-PROPOSTA DESESTIMATORIA DE SOLICITUDE REALIZADA Á COMISIÓN DE SEGUIMENTO DAS LISTAS DE RESERVA. EXPTE. 31222/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 16/01/18 asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Na data 10/08/2017 se incoo o expediente nº 30452-220 relativo ao “nomeamento interino por acumulación de tarefas de 3 oficiais coidadores e 3 oficiais de instalacións, baixo a modalidade do artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, por un prazo máximo de 6 meses para o servizo de Vigozoo.”

2º. Dª Cristina González Álvarez, con DNI nº ***** 731 D, na data 17/08/2017 e en relación coa notificación recibida, relativa ó posible nomeamento interino de tres Oficiais Coidadores/as Mantemento, Vixianza e Control, por acumulación de tarefas (Art. 10.1.d) do R.D. Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período de seis meses; expresou que desexaba optar ao nomeamento.

3º. Na data 14/12/2017, Dª Cristina González Álvarez, presenta escrito (nº doc 170175250), no que manifesta que “Verbalmente manifestóuselle que se atopaba ó final da lista por penalización, por considerarse que rexeitara unha contratación. Penalización que é manifestamente irregular, por canto cando renunciou a unha contratación, foi porque se atopaba traballando no momento en que tiña que incorporarse. Concretamente tiña que incorporarse o 1 de setembro, e o contrato que tiña vixente era ata mediados de outubro. Polo tanto, este é un dos casos en que a renuncia á contratación ofertada non produce ningunha penalización, xa que o único que se lle pode ofertar é que elixa entre o contrato existente e o novo, optando naquel momento polo existente”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Funcionarios interinos.-

Os funcionarios interinos poden definirse (ex artigo 10.1 de RDL 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico de Empregado Público (en adiante TREBEP) como “aquellos que, por razóns expresamente justificadas de necesidade y urgencia, son nombrados como tales para el desempeño de funciones propias de funcionarios de carrera, siempre y cuando se dé alguna de las circunstancias previstas en el artículo 10.1 TREBEP.”

De conformidade co artigo 10 TREBEB, os funcionarios interinos poderán nomearse para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, só cando se de algunha das



Concello de Vigo

circunstancias seguintes:

a) La existencia de plazas vacantes cuando no sea posible su cobertura por funcionario de carrera." Este, que é o suposto tradicional, exige ao menos a xustificación da urxencia, ante a posibilidade de cubrirse con un funcionario de carreira, especialmente cando a praza permanecera vacante durante moito tempo e, de repente, súa cobertura pasa a convertese en apremiante.

b) A substitución transitoria dos titulares (vacantes accidentais con reserva de praza: licencias, incapacidades temporais o permanentes susceptibles de melloría, situacións de servizos especiais, excedencias con reserva, comisionados de servizo, etc.). Este suposto require tamén informe motivado sobre a necesidade de esta cobertura temporal e, singularmente, de que ésta non pode dilatarse ata o reingreso o a reincorporación do titular.

c) A execución de programas de carácter temporal. A Administración debe xustificar que se trata efectivamente de programas destinados por esencia a cubrir necesidades ou prestar servizos non permanentes no tempo.

d) O exceso o acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses. O último dos supostos, por outro lado, sigue o modelo de contratación laboral contemplado no artigo 15.1.b) do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto dos Traballadores, polo que súa doutrina xurisprudencial consolidada "mutatis mutandi" podería servirnos de referencia, en particular os elementos imprescindibles de "temporalidade" que deben concorrer. Este caso, en fin, recolle a figura do denominado "interino de reforzo" xa prevista, por exemplo, no ámbito xudicial, en súa normativa regulamentaria, para atender necesidades conxunturais.

II.- Selección funcionarios interinos e as bolsas de emprego

O artigo 10.2 do TREBEP dispón que "la selección de funcionarios interinos habrá de realizarse mediante procedimientos ágiles que respetarán en todo caso los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad".

A xurisprudencia, admitira a constitución de "bolsas de emprego" o "listas de reserva" para a provisión temporal de postos de funcionarios, sempre que se prevea nas Bases das convocatorias para seleccionar funcionarios de carreira (ou nas propias convocatorias para interinos).

No ámbito do Concello de Vigo, e centrados no suposto que nos ocupa, temos que A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do 23 de marzo de 2017, adoptou acordo aprobando as bases reitoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego que permitan os nomeamentos interinos como Operador/a de Informática e Oficiais de Oficios (Oficial coidador, de mantemento, vixilancia e control de Vigo-zoo, Oficial Instalacións Municipais, Oficial Xardineiro/a, Oficial Desinfectora/a, Oficial Electricista, Oficial Ferreiro e, Oficial Fontaneiro, (todos eles integrados no subgrupo C2.

Nas bases reitoras do procedemento, consta expresamente “Os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados/as como persoal interino por calquera das circunstancias previstas no artigo 10.1 do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e, normativa de concordante aplicación.

A referida lista terá validez ata que se convoque unhas prazas de idénticas condicións nunha nova bolsa de emprego, ou se inclúa algunha das prazas, nunha vindeira oferta de emprego público, non podendo superar un máximo de tres anos.

Os/as aspirantes que renunciaren expresamente a un eventual nomeamento **cando fosen requiridos ou notificados ao efecto** se rexeran polos criterios de xestión de listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 22 de xullo de 2016 no acordo de Modificación puntual dos criterios de xestión das listas de reserva . (Expte 28442/220), do que transcribimos o apartado IV.

IV- RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

a) A primeira renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978 de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia.

b) A segunda renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- supostos de permisos de paternidade e/ou maternidade;
- supostos de incapacidade temporal (IT);
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública;
- supostos nos cales o/a aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista; mediante parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino; mediante certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral temporal como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, respectivamente.”



Concello de Vigo

Na base VIII relativa ao carácter vinculante das Bases, consta que “As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e aos aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.”

III.- Doutrina dos actos propios.-

O principio de que ninguén pode ir en contra dos seus propios actos é unha expresión singular do principio xeneral de boa fe, xa que non pode reputarse ben intencionado quen se contradí e pretende “dicir digo, onde dixese Diego”.

Tamén garda relación coa prohibición do abuso de dereito (artigo .6.2 Código Civil) xa que o dereito exercido por quen actúa de tal maneira debe reputarse abusivo.

A Sentencia da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo de 18 de outubro de 2012, recorda este principio “Al respecto, resulta oportuno recordar que, en relación con el principio de actos propios, en la sentencia de esta Sala de 5 de enero de 1999 (RC 10679/1990), dijimos:

« [...] En la S.T.C. de 21 de abril de 1988, nº 73/1988 , se afirma que la llamada doctrina de los actos propios o regla que decreta la inadmisibilidad de venire contra factum proprium surgida originariamente en el ámbito del Derecho privado, significa la vinculación del autor de una declaración de voluntad generalmente de carácter tácito al sentido objetivo de la misma y la imposibilidad de adoptar después un comportamiento contradictorio, lo que encuentra su fundamento último en la protección que objetivamente requiere la confianza que fundadamente se puede haber depositado en el comportamiento ajeno y la regla de la buena fe que impone el deber de coherencia en el comportamiento y limita por ello el ejercicio de los derechos objetivos. El principio de protección de la confianza legítima ha sido acogido igualmente por la jurisprudencia de esta Sala del Tribunal Supremo (entre otras, en las sentencias de 1 de febrero de 1990 (fº.jº. 1 º y 2º), 13 de febrero de 1992 (fº.jº. 4 º), 17 de febrero , 5 de junio y 28 de julio de 1997 . Un día antes de la fecha de esta sentencia se ha publicado en el BOE la Ley 4/1999, de modificación de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre. Uno de los artículos modificados es el 3º, cuyo nº 1, párrafo 2º, pasa a tener la siguiente redacción: “Igualmente, deberán (las Administraciones Públicas) respetar en su actuación los principios de buena fe y de confianza legítima”, expresándose en el Apartado II de la Exposición de Motivos de la citada Ley lo siguiente: “En el título preliminar se introducen dos principios de actuación de las Administraciones Públicas, derivados del de seguridad jurídica. Por una parte, el principio de buena fe, aplicado por la jurisprudencia contencioso-administrativa incluso antes de su recepción por el título preliminar del Código Civil. Por otra, el principio, bien conocido en el derecho procedimental administrativo europeo y también recogido por la jurisprudencia contencioso-administrativa, de la confianza legítima de los ciudadanos en que la actuación de las Administraciones Públicas no puede ser alterada arbitrariamente ».

Y en la sentencia de esta Sala de 16 de septiembre de 2002 (RC 7242/1997), se afirma:

« Además, la doctrina invocada de los “actos propios” sin la limitación que acaba de exponerse podría introducir en el ámbito de las relaciones de Derecho público el principio de la autonomía de la voluntad como método ordenador de materias reguladas por normas de naturaleza imperativa, en las que prevalece el interés público salvaguardado por el principio de legalidad; principio que resultaría conculcado si se diera validez a una actuación de la Administración contraria al ordenamiento jurídico por el sólo hecho de que así se ha decidido por la Administración o porque responde a un precedente de ésta. Una cosa es la irrevocabilidad de los propios actos que sean realmente declarativos de derechos fuera de los cauces de revisión establecidos en la Ley (arts. 109 y 110 de la Ley de Procedimiento Administrati-

vo de 1958 , 102 y 103 de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común, Ley 30/1992 , modificada por Ley 4/1999), y otra el respeto a la confianza legítima generada por actuación propia que necesariamente ha de proyectarse al ámbito de la discrecionalidad o de la autonomía, no al de los aspectos reglados o exigencias normativas frente a las que, en el Derecho Administrativo, no puede prevalecer lo resuelto en acto o en precedente que fuera contrario a aquéllos ».

Esa doutrina dos actos propios xoga en dobre sentido, para o particular e para a Administración. como expresión da boa fe expresada no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro da Lei do Réxime Xurídico do Sector Público.

No suposto que nos ocupa, temos que na data 10/08/2017 se incoo o expediente nº 30452-220 relativo ao “nomeamento interino por acumulación de tarefas de 3 oficiais coidadores e 3 oficiais de instalacións, baixo a modalidade do artigo 10.1 d) do RDL 5/2015, de 30 de outubro, por un prazo máximo de 6 meses para o servizo de Vigozoo.”

D^a Cristina González Álvarez, con DNI nº ***** 731 D, na data 17/08/2017 e en relación coa notificación recibida, relativa ó posible nomeamento interino de tres Oficiais Coidadores/as Mantemento, Vixianza e Control, por acumulación de tarefas (Art. 10.1.d) do R.D. Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período de seis meses; **expresou que desexaba optar ao nomeamento. (Trámite 112-Expte: 30452-220).**

Cumpridos todos os trámites, e unha vez rematado o expediente, no momento de ser chamada para empezar a traballar no servizo de Vigozoo, D^a Cristina manifesta que non vai incorporarse por estar traballando. Como consecuencia da citada resposta, se lle comunica que pasará a ocupar o posto final da lista.

Solicita agora a Sra. González Álvarez, ser repostada ao posto terceiro da lista, e que se lle ofrezan as contratacións segundo o mesmo.

En primeiro lugar convén aclarar que non podemos falar de contratacións, se non de nomeamentos interinos de conformidade co artigo 10.1 D) do TRLEBEP.

Aclarado este extremo, entendo que non pode D^a Cristina alegar que non debe terse en conta a súa renuncia xa que se atopaba traballando. E elo porque omite un dato esencial, e é que a traballadora lonxe de renunciar, aceptou expresamente no momento en que se lle notifica o nomeamento.

Foi nun memento posterior, unha vez rematado o expediente, á chamala para comenazar a traballar, cando en contra da súa aceptación expresa, isto é, en contra dos seus propios actos e do principio de boa fe, a Sra. González Álvarez, manifesta a renuncia, co conseguinte prexuízo para os intereses xerais, toda vez, que rematado o expediente, non pode ser nomeado ninguén no seu lugar, quedando sen cubrir as necesidades de medios humanos existentes naquel momento no Servizo de Vigozoo. Compre lembrar que a existencia de bolsas de traballo ten entre outras finalidades, a de satisfacer o principio de eficacia que debe presidir a actuación da Administración o que implica, entre outros aspectos, que esta poda contar con persoal non permanente para afrontar as necesidades urxentes de mano de obra que lle sobreveñan.

Unicamente engadir que o caso de D^a Cristina foi tratado na Reunión Ordinaria da Comisión de Seguimento das Listas de Reserva de data 17/11/2017 (Eppte. 29497-220), onde se recolleu que as listas funcionan automaticamente, e que responden á finalidade de dar una



Concello de Vigo

servizo público e os criterios aprobados son comúns para todas as persoas que están na mesma situación, non podendo facerse excepcións.

En atención a todo o exposto, procede desestimar a solicitude de D^a CRISTINA GONZÁLEZ ÁLVAREZ de ser resposta ao posto terceiro da lista de oficiais coidadores.

IV.- Réxime competencial e proposta de acordo.

De conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para a xestión do persoal e para o exercicio daquelas competencias que en materia de persoal non estean expresamente atribuídas a outro órgano municipal.

Por tanto, e coa conformidade do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal e Persoal (Decreto da Excm. Alcaldía de data 19/06/2015 e Acordo da XGL de 19/06/2015) elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Desestimar a solicitude de D^a CRISTINA GONZÁLEZ ÁLVAREZ de ser resposta ao posto terceiro da lista de oficiais coidadores.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo a solicitante.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente consonte ao disposto na Lei 36/2011, de 10 de outubro, Reguladora da Xurisdición Social .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(48).-PROPOSTA DESESTIMATORIA DE RECURSO DE ALZADA PRESENTADO POR D^a RUTH PRIETO COLLAZO E D^a TERESA MARÍA FERNÁNDEZ LÓPEZ, CONTRA ACORDO DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DE DATA 12/12/2017, DA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL. EXPTE. 31212/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta contido na acta asinada con data 12/01/18, polo secretario do órgano de selección e pola presidenta do órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas

correspondentes á Bolsa de Emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (E.B.E.P.), para Auxiliar de Administración Xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- Constitución Española do 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do día 18 de agosto de 2017, adoptou acordo aprobando as bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita os nomeamentos interinos do artigo 10.1 TRLEBEP, como Auxiliar de Administración Xeral.

Segundo.- O día 1 de decembro de 2017 realizouse o primeiro exercicio do proceso selectivo no Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), consistente en contestar por escrito un cuestionario tipo test de 40 preguntas, máis 4 de reserva, con catro respostas alternativas, sendo unicamente unha delas correcta, que os/as aspirantes tiñan que contestar nun tempo máximo de 60 minutos.

O día 4 de decembro seguinte publicáronse as puntuacións, outorgando un prazo de tres días hábiles para a presentación de reclamacións.

O día 4 de decembro seguinte a aspirante D^a Teresa María Fernández López, impugnou a pregunta nº 33 e o día 11 as preguntas números 8 e 32, e este mesmo día a aspirante D^a Ruth Prieto Collazo impugnou as preguntas números 8, 32 e 34 do cuestionario tipo test solicitando a anulación das mesmas.

O Órgano de Selección, en sesión celebrada o día 12 de decembro acordou, desestimar tódalas reclamacións polos motivos que constaban na acta correspondente.

Terceiro.- O día 14 de decembro de 2017, as devanditas aspirantes interpuxeron recurso de alzada contra esta desestimación (docs.170175036 e 170175205 respectivamente), alegando os mesmos motivos xa expostos nas súas reclamacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Primeiro.- O artigo 121 da Lei 39/2015 establece en relación ao recurso de alzada que:

“Obxecto.

1. As resolucións e os actos a que se refire o artigo 112.1, cando non poñan fin á vía administrativa, poderán ser impugnados en alzada ante o órgano superior xerárquico do que os ditou.



Concello de Vigo

Para estes efectos, os tribunais e órganos de selección do persoal ao servizo das administracións públicas e calquera outro que, no seo destas, actúe con autonomía funcional, consideraranse dependentes do órgano a que estean adscritos ou, na súa falta, do que fixese o nomeamento do seu presidente.

2. O recurso poderase interpor ante o órgano que ditou o acto que se impugna ou ante o competente para resolvelo.

Se o recurso se interpuxese ante o órgano que ditou o acto impugnado, este deberá remitilo ao competente no prazo de dez días, co seu informe e cunha copia completa e ordenada do expediente.

O titular do órgano que ditou o acto impugnado será responsable directo do cumprimento do previsto no parágrafo anterior.”

Segundo.- Concorren os requisitos de competencia, lexitimación e prazo, polo que procede admitir a trámite os recursos de alzada interpostos.

Terceiro.- Procede a acumulación de ámbolos dous recursos en virtude do establecido no artigo 57 da Lei 39/2015:

“O órgano administrativo que inicie ou tramite un procedemento, calquera que for a forma da súa iniciación, poderá dispor, de oficio ou por instancia de parte, a súa acumulación a outros con que garde identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento.

Contra o acordo de acumulación non procederá recurso ningún.”

Cuarto.- As recorrentes en alzada alegan os mesmos motivos de impugnación xa expostos nas súas reclamacións previas, sen desvirtuar en modo algún os motivos que levaron a este órgano de selección á desestimación das mesmas.

Neste sentido é de ter en conta que o artigo 112 da Lei 39/2015, que sinala os principios xerais dos recursos administrativos, establece no seu número 1 que:

“Contra as resolucións e os actos de trámite, se estes últimos deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, os interesados poderán interpor os recursos de alzada e potestativo de reposición, que caberá fundar en calquera dos motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 47 e 48 desta lei.

A oposición aos restantes actos de trámite poderá ser alegada polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.”

E, como xa dixemos, as recorrentes non sinalan en cal dos motivos de nulidade ou anulabilidade basean os seus recursos.

Non entanto, facemos as seguintes consideracións:

1ª.- A alegación á pregunta nº 8 foi desestimada polos seguintes motivos:

“Alega o/a recorrente que no texto da pregunta cítase un artigo concreto, o 16.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia que di que ‘Os vicepresidentes e os Conselleiros serán nomeados e cesados polo Presidente.’, polo que a resposta considerada como correcta (b) Nomeados libremente polo Presidente da Xunta) non é literal.

O órgano de selección entende que procede desestimar esta alegación ao considerar que a mención de 'libremente', aínda que non se corresponda coa literalidade do artigo, non altera en modo algún o senso da resposta, xa que, evidentemente, ese nomeamento é libre por parte do Presidente sen que sexan propostos por terceiros nin está suxeito a aprobación por ningún outro órgano. O adverbio libremente refírese, obviamente, ao modo en que o Presidente escolle aos seus Conselleiros, sen propostas ou directrices preestablecidas ou de terceiros, independentemente dos requisitos que teñan que cumprir estes."

O órgano de selección ratifícase nestes motivos de desestimación xa que, independentemente da referencia ao artigo 16.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, neste caso a resposta non copia literalmente o artigo, xa que o texto deste é 'Os Vicepresidentes e os Conselleiros serán nomeados e cesados polo Presidente.' Así, na resposta non se fai referencia ao cese, por exemplo, e se entende que o que se busca é saber, conforme ao artigo 16.3 do EAG, como se escollen aos Conselleiros, e isto o fai o Presidente libremente sen que sexan propostos por terceiros. O adverbio 'libremente' refírese, obviamente, ao modo en que o Presidente escolle aos seus Conselleiros, sen propostas ou directrices preestablecidas ou de terceiros, con independencia dos requisitos que teñan que cumprir as persoas para poder ser nomeados Conselleiros.

2ª.- A alegación á pregunta nº 32 foi desestimada polos seguintes motivos:

"Alega o/a recorrente que o enunciado desta pregunta no exercicio realizado en idioma galego omite datos relevantes e imprescindibles para o sentido da cuestión formulada que si figuran no exercicio en lingua castelá.

O órgano de selección entende que procede desestimar esta alegación ao considerar que aínda que é certo que no exercicio en galego existe unha omisión non intencionada dunha parte da pregunta, con respecto ao castelán, en concreto a frase '... dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente...', isto non supón un problema á hora de escoller a resposta correcta xa que non se omite ningún dato relevante para a perfecta comprensión da pregunta. E así, é de ter en conta que o artigo 17.5 da LHL establece que: 'As deputacións provinciais, consellos, cabildos insulares e, en todo caso, as demais entidades locais cando a súa poboación sexa superior a 20.000 habitantes, editarán o texto íntegro das ordenanzas fiscais reguladoras dos seus tributos dentro do primeiro cuadrimestre do exercicio económico correspondente.'

En consecuencia, a frase omitida no exame en galego non altera en modo algún o sentido da pregunta, nin priva ao opositor de ningún dato relevante para a súa comprensión, xa que o texto omitido refírese a un trámite posterior, que establece un prazo, pero que non altera para nada o sentido da pregunta que se refire a un número determinado de habitantes (20.000), sendo as outras tres respostas propostas claramente incorrectas. As únicas entidades locais que teñen que publicar o texto íntegro das ordenanzas fiscais (independentemente de cando teñan que facelo) son as de máis de 20.000 habitantes."

O órgano de selección ratifícase nestes motivos de desestimación xa que a diferenza existente entre a versión castelá e galega da pregunta non omite datos relevantes nin imprescindibles para a súa comprensión, nin moito menos atenta contra o dereito constitucional de acceso á función pública en condicións de igualdade nin contra as disposicións da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, en canto a que ningún sexa discriminado por razón de lingua, como alegan as recorrentes.



Concello de Vigo

3ª.- A alegación á pregunta nº 33 foi desestimada polos seguintes motivos:

“Alega o/a recorrente que se considere como correcta a resposta (c) Ditame da Comisión Informativa competente), xa que no enunciado da pregunta existe unha incorrección de xénero.

O órgano de selección entende que procede desestimar esta alegación ao considerar que, aínda que é certo que no enunciado da pregunta existe unha incorrección gramatical (‘sometela’ no lugar de ‘sometelo’), non existe dúbida algunha que a pregunta se refire aos ‘proxectos de ordenanza’, que unha vez redactados teñen que ser sometidos á aprobación da Xunta de goberno local. Ademais, é de ter en conta que no enunciado da pregunta referímonos ao artigo 127.1 da Lei 7/1985, que establece que corresponde á Xunta de goberno local a aprobación dos proxectos de ordenanzas.

En todo caso, a opción que propón a recorrente ‘c) Ditame da Comisión informativa competente’ é evidentemente incorrecta, xa que este é un trámite previo á súa redacción e a que este proxecto sexa sometido a aprobación, e as outras dúas respostas ‘información pública’ e ‘aprobación polo Pleno’ son trámites posteriores á aprobación do proxecto de ordenanza pola Xunta de goberno local.”

O órgano de selección ratifícase no motivo de desestimación sinalado en primeiro lugar xa que o texto da pregunta era literalmente *‘Nun municipio de réxime de gran poboación, unha vez redactado o proxecto dunha ordenanza, o seguinte paso sería sometela a: ART. 127.1 L.7/1985)*, e este artigo establece literalmente que *“1. Corresponde á Xunta de Goberno Local: a) A aprobación dos proxectos de ordenanzas e dos regulamentos, incluídos os orgánicos, con excepción das normas reguladoras do Pleno e as súas comisións. (...)”*, polo que independentemente do uso do artigo feminino, enténdese perfectamente que o que se pregunta é polo paso seguinte no procedemento de elaboración das ordenanzas nos municipios de gran poboación, que, neste caso, é a aprobación pola Xunta de Goberno Local, polo que non cabe dúbida algunha que nos estamos referindo aos proxectos de ordenanzas.

Non entanto temos que rectificar o segundo parágrafo, xa que o Ditame da comisión informativa é, como sinala a reclamante, un trámite posterior á aprobación do proxecto de ordenanza pola Xunta de Goberno Local e non previo como sinalábamos. Non obstante a resposta ‘c) *Ditame da Comisión Informativa competente*’ é incorrecta xa que o que se preguntaba era cal era ‘o seguinte paso’ unha vez redactado o proxecto de ordenanza, e este é a aprobación pola Xunta de Goberno Local, polo que a resposta d) é a única correcta.

4ª.- A alegación á pregunta nº 34 foi desestimada polos seguintes motivos:

“Alega o/a recorrente que a resposta dada como correcta (b) Las ordenanzas, incluídos o articulado das normas dos planes urbanísticos, así como os acordos correspondentes a estes cuxa aprobación definitiva sexa competencia dos entes locais, publicaranse no ‘Boletín Oficial’ da provincia e non entrarán en vigor ata que se teña publicado completamente o seu texto e teña transcorrido o prazo de 15 días), é incorrecta xa que o artigo 65.2 da LRBRL di que este prazo de 15 días cóntase a partir da recepción da comunicación do acordo.

O órgano de selección entende que procede desestimar esta alegación ao considerar que o artigo 70.2 LRBRL, remítese ao prazo establecido no artigo 65.2 LRBRL, que o establece en quince días. A pregunta en ningún momento refírese a desde cando comeza a contar este prazo, se desde a súa publicación ou desde a súa comunicación, polo que tanto o enunciado da pregunta como o texto da resposta son correctos.

O artigo 65.2 da LRBRL establece un prazo de 15 días hábiles para que a Administración do Estado ou das CCAA poidan requirir das entidades locais que anulen os seus actos que infrinxan o ordenamento xurídico. No artigo 65.2 non se sinala ningún outro prazo distinto ao indicado anteriormente, polo que non pode existir ningunha confusión ao respecto. Polo tanto, é o mesmo indicar 'no prazo previsto no artigo 65.2' que 'o prazo de 15 días'. Omítese o momento no que se produce o inicio do cómputo do prazo, dato que non é relevante aos efectos da resposta."

O órgano de selección ratifícase nestes motivos de desestimación xa que estando no enunciado da pregunta a referencia ao artigo 70.2 da Lei 7/1985 e seguir a resposta b) o tenor literal do artigo, non hai lugar a confusión, sobre todo tendo en conta que fixéndonos precisamente no artigo, ningunha das demais pode ser correcta, polo que en base a estes fundamentos a resposta proposta como correcta é a b) por sela máis axeitada á redacción do devandito artigo, que é o que se preguntaba.

Quinto.- En consecuencia do anterior, o órgano de selección encargado de xulgalas probas selectivas correspondentes á Bolsa de Emprego, que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (E.B.E.P.), para Auxiliar de Administración Xeral, na súa reunión celebrada o día 10 de xaneiro de 2018, acordou por unanimidade remitir á Xunta de Goberno Local o anterior informe-proposta, co seu correspondente acordo, para o seu coñecemento e resolución.

Sexto.- Corresponde á Xunta de Goberno Local a resolución do recurso de alzada interposto contra o acordo do órgano de selección na sesión celebrada o día 12 de decembro de 2017, polo que se desestimaban tódalas reclamacións polos motivos que constaban na acta correspondente.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

"ÚNICO: Desestimar os recursos de alzada interpostos por D^a Teresa María Fernández López (Doc. 170175036) e D^a Ruth Prieto Collazo (Doc. 170175205) o día 14 de decembro de 2017, contra a desestimación das reclamacións ás preguntas número 8, 32, 33 e 34 do primeiro exercicio da oposición que permita os nomeamentos interinos previstos no artigo 10.1 do real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (E.B.E.P.), para Auxiliar de Administración Xeral, polas razóns xurídicas expostas.-"

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

8(49).-NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DOUS OFICIAIS DE DESINFECCIÓN, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE CONTROL DE PRAGAS. EXPTE. 31096/220.

Visto o informe de fiscalización de data 18/01/18, dáse conta do informe-proposta do 10/01/18 asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal (Delegacións competencias por Resolución de data 05/1/18), que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 20-11-2017, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade, e Consumo, coa conformidade da Concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdable, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de, entre outros, dous oficiais de desinfección, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento do servizo de cara á prevención das pragas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 12-12-2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dous oficiais de desinfección, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 02-01-2017, emítese pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º** cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de***



Concello de Vigo

la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 240- oficial desinfección), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá

ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade, e Consumo, coa conformidade da Concelleira-delegada de Medio Ambiente e Vida Saúdnable, de data 20-11-2017; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 12-12-2017, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dous oficiais de desinfección para o Servizo de Control de Pragas, supón un gasto de **22.679,33 €**, ao que haberá que engadirse a cantidade de **7.200,69 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Víctor Julio Torres Ceballos, con DNI **.***.975-A** e **D. Tomás Alonso Vidal, con DNI **.***.038-S**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 19-12-2017, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da



Concello de Vigo

Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dous funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficial de desinfección**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Control de Pragmas, contidas no escrito do 20-11-2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **22.679,33 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Víctor Julio Torres Ceballos, con DNI **.***.975-A e D. Tomás Alonso Vidal, con DNI **.***.038-S**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 240- oficial desinfectador), sendo adscrito/a ó Servizo de Control de Pragmas, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de

Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(50).-NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE DEZASEIS OFICIAIS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, POR UN PRAZO DE 6 MESES PARA O SERVIZO DE EDUCACIÓN. EXPTE. 31036/220.

Visto o informe de fiscalización do 19/01/18, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/18 asinado pola técnica de Administración Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal (Delegacións competencias por Resolución de data 05/01/2018), que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 26-10-2017, a Xefa do Servizo de Educación, coa conformidade da Concelleira de Educación, remite escrito manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de 16 oficiais de instalacións, por mor da situación existente, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 30-11-2017, solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de dezaseis oficiais de instalacións, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 10-01-2018, emítase pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.



Concello de Vigo

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto re-

fundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 300- oficial instalacións), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no



Concello de Vigo

ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Educación, que conta coa conformidade da Concelleira de Educación, de data 26-10-2017; así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 30-11-2017, no que se ordena o inicio do presente expediente; o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de dezaseis oficiais de instalacións para o Servizo de Educación, supón un gasto de **181.434,62 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **57.605,62 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente “Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de oficial de instalacións municipais, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Óscar Ballesteros Vázquez, con DNI **.***.387-H, D. Francisco Arroyo Muñoz, con DNI **.***.360-W, D. Arturo Mera Aira, con DNI **.***.670-Q, D^a. Patricia Bermúdez García, con DNI **.***.929-N, D. José Fidel Fonterosa Amez, con DNI **.***.812-L. D. José Manuel Castiñeira Machado, con DNI **.***.935-V, D. Felipe Bastos Cabaleiro, con DNI **.***.396-F, D^a. Itzía Lago González, con DNI **.***.348-G, D. Santiago Fernández Santibáñez, con DNI **.***.851-L, D. Abraham Sánchez Franco, con DNI **.***.875-D, D. Cesáreo Sotelo Fontenla, con DNI **.***.896-L, D^a. Leonor María Barrio Martínez, con DNI **.***.088-W, D. Roi Marcos Fernández, con DNI **.***.364-N, D^a. María Mercedes Costas Costas, con DNI **.***.734-E, D. Roberto Patiño González, con DNI **.***.827-H e D. Yago López Costas, con DNI **.***.560-E**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 14-12-2017, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de dezaseis funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **oficial de instalacións**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Educación, contidas no escrito do 26-10-2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **181.434,62 €**,



Concello de Vigo

xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D. Óscar Ballesteros Vázquez, con DNI **.***.387-H, D. Francisco Arroyo Muñoz, con DNI **.***.360-W, D. Arturo Mera Aira, con DNI **.***.670-Q, D^a. Patricia Bermúdez García, con DNI **.***.929-N, D. José Fidel Fonterosa Amez, con DNI **.***.812-L, D. José Manuel Castiñeira Machado, con DNI **.***.935-V, D. Felipe Bastos Cabaleiro, con DNI **.***.396-F, D^a. Itz'iar Lago González, con DNI **.***.348-G, D. Santiago Fernández Santibáñez, con DNI **.***.851-L, D. Abraham Sánchez Franco, con DNI **.***.875-D, D. Cesáreo Sotelo Fontenla, con DNI **.***.896-L, D^a. Leonor María Barrio Martínez, con DNI **.***.088-W, D. Roi Marcos Fernández, con DNI **.***.364-N, D^a. María Mercedes Costas Costas, con DNI **.***.734-E, D. Roberto Patiño González, con DNI **.***.827-H e D. Yago López Costas, con DNI **.***.560-E, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superou todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.**

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 300- oficial instalacións), sendo adscrito/a ó Servizo de Educación, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, a Xefa de Educación, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(51).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 3/01/18 DE NOMEAMENTO DE PERSOAL EVENTUAL. EXPTE. 31191/220.

Dáse conta da Resolución de data 3/01/18, asinada pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, o Excmo. Alcalde e a secretaria do Goberno, que di o seguinte:

Esta Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do disposto no art. 12 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ao persoal eventual e, no uso das competencias atribuídas polo artigo 124.4, apartados b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, ditou resolución en data 30/11/2016, na que se nomeaba a D^a Diana Roman Iglesias con DNI. **.***.334-F como auxiliar administrativa do Grupo Municipal Socialista.

Considerando o disposto no art. 12 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, en canto ás funcións de confianza ou asesoramento especial que presta o persoal eventual, así como as condicións de nomeamento e cesamento do mesmo e nos arts. 104 e 104.bis da LRBRL; no uso das competencias que me atribúe o art. 124.4.b) e i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, pola presente, **RESOLVO:**

“**PRIMEIRO.-** Deixar sen efecto a miña resolución de 30/11/2016, no que se refire ao nomeamento de D^a Diana Roman Iglesias con DNI. **.***.334-F, que deberá cesar no posto de auxiliar eventual do Grupo Municipal Socialista.

SEGUNDO.- Nomear, persoal eventual suxeito ao previsto no art. 12 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público as seguintes persoas nos seguintes postos:

POSTO	DEDICACIÓN	RETR.BRUTA ANUAL	NOME
Asesora Alcaldía	Xornada completa	30.684,65 €	Diana Roman Iglesias, **.***.334-F
Auxiliar Administrativo Alcaldía	Xornada completa	21.927,22 €	Antonino García Villar **.***.194-S

TERCEIRO.- Dispoñer que o réxime retributivo e o de prestación das funcións de confianza e asesoramento especial será o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 13/03/2017.

CUARTO.- Dar conta a Xunta de Goberno Local e establecer así mesmo a súa inclusión no réxime de publicidade previsto no art. 104.bis da LRBRL, dispoñendo a publicación semestralmente na sede electrónica e no BOP da provincia do número de postos de traballo



Concello de Vigo

reservados a persoal eventual, dando conta ao Pleno da Corporación con carácter trimestral.

QUINTO.- Notifíquese a presente os interesados, Xefatura da Área de Recursos Humanos e Formación, Negociado de Seguridade Social, Técnico de Organización e Planificación, Intervención Xeral, Tesourería Municipal, Gabinete Alcaldía e Grupo Municipal Socialista.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

11(52).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE SEGURIDADE E MOBILIDADE NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2017. EXPTE. 104043/210.

Dáse conta do informe-proposta de data 11/01/18 asinado polo concelleiro-delegado de Seguridade e Mobilidade, que di o seguinte:

Cumprindo as instrucións da base 31ª das de execución do orzamento en vigor, remítese para dar conta á Xunta de Goberno Local, relación de expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Seguridade e Mobilidade, no segundo semestre do ano 2017 e que son os seguintes:

Nº EXPTE	DATA DECRETTO	PARTIDA	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	RC	IMPORTE
102133/210	21-07-17	1330210000	SERVIZOS	Sinalización en casos urxentes de derribos de sinais, pasos de peóns en mal estado e reservas de espazo	API MOVILIDAD S.A	68647	21777,65 €
102452/210	17-08-17	13302219900	SERVIZOS	Subministro e instalación de sinalización	API MOVILIDAD SA	78475	4.900,50 €
102758-210	19-09-17	13302279910	SERVIZOS	Semana da mobilidade	BICICLEANDO S. COOP	90540	5.000,00 €
103069/210	02-11-17	13302279905	SERVIZOS	Mantemento extintores Casa Consistorial e Rectorado	ATLANTICA DE SISTEMAS CONTRA INCENDIOS S.L	102590	3.195,85 €
103679/210	12-12-17	13302100001	OBRAS	Construcción pasos sobreelevados en distintas rúas da cidade	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A	116787	24.399,65 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(53).- AUTORIZACIÓN DE ASISTENCIA DA TÉCNICA MEDIA DE ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS, CO Nº PERSOAL 78436, Á FEIRA EUROPEA DE TEATRO PARA NENOS E NENAS FETEN 2018. EXPTE. 1657/330.

Visto o informe de fiscalización de data 16/01/18, dáse conta do informe-proposta de data 10/01/18 asinado pola técnica media de Actividades Culturais e Educativas, o xefe de Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e concelleiro de Facenda e Orzamentos, que di o seguinte:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, resolveu que pola Área de Cultura se iniciase o expediente necesario para encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy a asistencia en Comisión de Servizo á Feira Europea de Teatro para Nenos e Nenas Feten 2018, que terá lugar en Xixón entre os días 18 e 23 de febreiro de 2018.

A citada funcionaria, técnica media de actividades culturais e educativas, ven desempeñando funcións de programación de música, teatro e danza que desenvolve ao longo do ano a Área de Cultura, así como a programación estable de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal. Como consecuencia deste feito, a citada funcionaria realiza funcións de xestión da programación de artes escénicas relacionadas directamente coa feira á que se lle encomenda a citada comisión de servizo e que terá lugar en Xixón, entre os días 18 e 23 de febreiro de 2018. Ao comezar a feira o domingo día 18 de febreiro pola mañá e finalizar o venres 23 de febreiro pola noite, autorízase a saída o día anterior, sábado 17 de febreiro e o regreso ao día seguinte da finalización da feira, o sábado 24 de febreiro.

Ao non tratarse dun curso, encontro ou foro que se poida considerar como formación, senón dunha feira na que se visualizan ofertas de artes escénicas co obxectivo de realizar a posterior programación do servizo de Cultura, debería considerarse como unha viaxe oficial en comisión de servizo.

Estímanse pois uns gastos máximos que se xustificarán posteriormente e que previsiblemente serán inferiores que os estimados no presente informe:

- 261,80 € en concepto de 7 dietas de manutención.
- 461,79 € en concepto de 7 dietas de aloxamento.
- 450,00 € en concepto de gastos de transporte (gasoliña, posibles peaxes, parking, etc.).

As dietas se corresponden coa lexislación vixente correspondente aos grupos A2, ao que pertence a citada funcionaria.

Polo exposto, e coa conformidade do xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, do concelleiro-delegado da Área de Cultura, do concelleiro-delegado de Xestión Municipal e da concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL



Concello de Vigo

1. Encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 e NIF 36138380K, a asistencia á Feira Europea de Teatro para nenos e nenas Feten 2018, que terá lugar en Xixón entre os días 18 e 23 de febreiro de 2018, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.
2. Autorizar a saída o día 17 de febreiro e o regreso o día 24 de febreiro.
3. Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desplazamentos por Xixón.
4. Autorizar os seguintes gastos: 723,59 € en concepto de 7 dietas de manutención e 7 de aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 "dietas de personal" e 450 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 "locomoción do persoal non directivo".
5. Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, NIF 36138380K, a través da conta de habilitación ES45 2080 5000 6931 1030 2692.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(54).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE MUSEOS MUNICIPAIS NO MES DE DECEMBRO DE 2017. EXPTE. 2087/341.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/01/18 asinado polo xefe do Servizo de Museos Municipais, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2017, o concelleiro-delegado da Área de Cultura, D. Cayetano Rodríguez Escudero, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Museos Municipais (341) e Museos Quiñones de León (337) no mes de DECEMBRO, e que son os que deseguido se relacionan:

DECEMBRO 2017

CENTRO OU SERVIZO	CONCEPTO	DATA	IMPORTE
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6186/337. Contrato menor para un servizo de pintado das salas B.0 e B.3 do Pazo de Castrelos. CAL BAIXO MIÑO CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L. RCM 117052.	11/12/17	2.068,00 €
MUSEO QUIÑONES (337)	Expte. 6206/337. Contratación dun proxecto de montaxe de imaxinería relixiosa na capela do Pazo de Castrelos. BEATRIZ LIZ DE CEA. RCM 117985.	13/12/17	1.089,00 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(54).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DA ÁREA DE CULTURA NOS MESES DE NOVEMBRO E DECEMBRO DE 2017. EXPTE. 1706/330.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/01/18 asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, que di o seguinte:

En cumprimento das instrucións da base 31ª das de execución do presuposto en vigor, dáse conta dos expedientes de gasto menor tramitados polo servizo da Área de Cultura, nos meses de NOVEMBRO e DECEMBRO de 2017.

SERVIZO: Área de Cultura

Nº EXP.	CONCEPTO	ADXUDICATARIO-CIF/NIF	IMPORTE
1487/330	CONTRATACIÓN DE TRABALLOS DE REPARACIÓN E MANTEMENTO DA PINACOTECA "FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO"	CAL BAIXO MIÑO CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS, S.L. (B94081353)	7.350,15 €
15739/331	CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE BATERÍAS DE CONDENSADORES PARA CONTROL DE ENERXÍA REACTIVA NOS EQUIPAMENTOS DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS	GALLEGA DE ELECTRICIDAD VIGO, S.L. (B36777647)	1.958,99 €
15740/331	CONTRATACIÓN DO DESEÑO DO MATERIAL GRÁFICO DA PROGRAMACIÓN VIGOCULTURA NO PRIMEIRO SEMESTRE DE 2018	PUBLIGAL S.L. (B36620151)	556,60 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

15(55).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE "HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERÁCLIO BOTANA)". EXPTE. 3480/443.

Visto o informe de fiscalización de data 18/01/18, dáse conta do informe-proposta de data 16/01/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO



Concello de Vigo

I.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 1532 "Pavimentación vías públicas" a aplicación orzamentaria 1532.619.00.15 (Humanización do entorno Rosalía Castro entre Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana)".

II.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 8 de agosto de 2016, resolveu autorizar o gasto, por importe de 13.612,50 euros IVE incluído, para redacción do proxecto de "Humanización do entorno da Rúa Rosalía de Castro e García Barbón (Rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana)", a prol da empresa URBING, Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil (B36982510).

III.- A empresa URBING, Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil presentou Proxecto de "Humanización do entorno da Rúa Rosalía de Castro e García Barbón (Rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana)", redactado polo Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos, D. Julio Roberes de Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de CATROCENTOS OITENTA E SETE MIL VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (487.024,77 EUROS) e data decembro 2017.

IV.- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 12.12.2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 14.12.2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

V.- A actuación se desenrola nas rúas Serafín Avendaño, Roupeiro e Heraclio Botana e comprende as seguintes obras a executar:

- Como actuacións previas propónse en todas as rúas indicadas o desmontaxe, retirada de farois de alumeadado, e tala de árbores na rúa Serafín Avendaño, retirada da sinalización e mobiliario existentes levantado de pavimento e demolición de beirarrúas e bordos na totalidade das rúas obxecto de proxecto.
- En canto a saneamento propónse a renovación dos colectores existentes de fecais, e novos colectores de pluviais, con colectores de PVC, seccións segundo se determina no proxecto, renovación da rede de abastecemento existente con tubaxe de fundición dúctil, todo elo previa escavación mecánica de gabias compactación de base, colocación das canalizacións e posterior recheo con material seleccionado.
- En canto a redes de servizos, expónse o soterramento das redes eléctrica e de telefonía nas rúas Roupeiro e Heraclio Botana.
- No que respecto ao pavimento, nas zonas de rodadura expónse a substitución dos firmes previa compactación do terreo existente propónse a realización dunha subbase de zaborra de 20 cm. Base de formigón HM-20 tamén de 20 cm. de espesor, e 10 cm. de mezclas bituminosas de 5cm. AC 16surf 50/70 e 5 cm. AC 22bin S. para as zonas peonís, propónse Sub-base de zaborra e base de formigón en masa HM-20 ambos de 15 cm. de espesor, capara de morteiro de agarre e formación de pendentes M-10 de 4 cm. de espesor e pavimento de granito Gris Alba de 60*40*6. Nos espazos destinados a aparcamento proxectase como acabado un pavimento de formigón HA-25/9/20/IIa, con malla electrosoldada 15*15 Ø 8-8, 500T

UNE-EN 10080, estendido e vibrado mediante fratasado mecánico con xuntas de dilatación.

- No que respecto o alumado propónse a execución de nova canalización soterrada, con conexión ao CM existente en García Barbón, e a substitución dos báculos existentes, e na rúa roupeiro, propóñense báculos ancorados nas fachadas con montantes por fachadas a base tubaxe inox.
- Prevese tamén a localización de árbores a situar en alcorques nas rúas Serafín Avendaño e Heraclio Botana, coa súa correspondente rede de rego soterrada, e prevese a renovación de bancos, papeleiras e sinalización correspondente

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 7 meses.

VI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, asina con data 12.01.2018 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras, reunindo todos os requisitos esixidos polo “Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aproba el texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público” e polo “Regulamento Xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro” polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 125 do referido Real Decreto Legislativo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).



Concello de Vigo

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de HUMANIZACIÓN DO ENTORNO DA RÚA ROSALÍA DE CASTRO E GARCÍA BARBÓN (RÚAS SERAFÍN AVENDAÑO, ROUPEIRO E HERÁCLIO BOTANA)", redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Julio Roberes de Cominges, cun orzamento base de licitación de CATROCENTOS OITENTA E SETE MIL VINTE E CATRO EUROS CON SETENTA E SETE CÉNTIMOS (487.024,77 EUROS).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(56).- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN PARCIAL DE NAVIA. EXPTE. 15666/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 15/01/18 asinado pola técnica de Administración Xeral, o Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo e o Xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

Examinado o presente expediente promovido polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (en diante IGVS) da Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, logo das sucesivas solicitudes presentadas pola Xefa da Área Provincial de Pontevedra, concretamente con datas 17.10.2017 e 20.10.2017 (doc. núm. 170141474 e 170143573 de rexistro de entrada nesta administración), consistente en dous exemplares en soporte dixital do documento para a "Modificación puntual do Plan Parcial de Navia, Etapas III- B, IV, V e VI", así como o documento nomeado "*SEPARATA FOMENTO para la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia*", consistente en dúas copias en formato dixital, documentación toda ela asinada dixitalmente por don Rodrigo Portanet Fontana con datas 25.09.2017 e 13.10.2017, coa finalidade de proceder á tramitación e aprobación de dita Modificación, emítase a emisión do seguinte informe con proposta de acordo para o que resultan relevantes os seguintes,

I.- Antecedentes e Feitos

Mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia do día 29.04.1993 foi aprobado definitivamente o PXOU-93, no que se prevía un ámbito de solo urbanizable non programado baixo a denominación «PAU 4 NAVIA», cun uso característico residencial-dotacional, a xestionar polo sistema de expropiación, sendo a súa prioridade a obtención de solo urbanizado para vivendas de promoción pública. A actuación residencial de Navia, incluída no PXOU de 1993 procede do Convenio de colaboración asinado entre o Concello de Vigo e o IGVS con data do 30.01.1992 para a preparación de solo residencial en Vigo.

De conformidade coas determinacións do PXOU/93 e do citado Convenio de colaboración, o día 08.02.1996, o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o Programa de Actuación Urbanística do ámbito de solo urbanizable de San Paio de Navia; Con posterioridade con data do 03.06.1996 o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o Plan Parcial de Navia (exp. 2444/411).

Con data 25.04.2005 o Pleno do Concello de Vigo aprobou definitivamente o documento refundido da Modificación puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia (exp. 7849/411).

Por orde de data 16.05.2008 da Conselleira da CPTOPT foi aprobado definitiva e parcialmente o PXOM/08 (DOG núm. 106, do 03.06.2008; BOP núm. 151, do día 06.08.2008) e por orde de data 13.07.2009 do Conselleiro da CMATI foi aprobado o documento de cumprimentación das deficiencias observadas na orde do día 16.05.2008 (DOG núm. 144, do día 24.07.2009; BOP núm. 175, do 10.09.2009).

No PXOM/08 esta actuación residencial de Navia incorporouse como sector de solo urbanizable «S-72-R Navia», cunha ficha de características propia que expresamente recollía como obxectivos de planeamento e criterios de ordenación o Plan Parcial aprobado e a súa modificación puntual, sen impoñer limitación do número máximo de vivendas.

En xaneiro de 2009, o Concello de Vigo e a Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia asinaron un Protocolo de colaboración para a modificación do Plan Parcial devandito, co obxecto de adaptalo ao PXOM/08 e á normativa de vivenda e habitabilidade, polo que, o día 09.02.2009, o Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveu incoar o expediente para a tramitación da modificación puntual do Plan Parcial de Navia (4887/401).

Durante a tramitación da devandita modificación puntual aprobouse a Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do medio rural de Galicia, na que se recoñecía o procedemento de avaliación ambiental estratéxica como parte do propio contido do planeamento urbanístico, de conformidade co previsto na normativa comunitaria en materia de medio ambiente e na súa norma de transposición ao ordenamento xurídico do Estado.

Con data 10.03.2011, a Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental decidiu sobre a necesidade de sometemento da modificación puntual do Plan Parcial de Navia a avaliación ambiental estratéxica, notificándose o documento de referencia mediante oficio do 16.03.2011 do Subdirector xeral de Avaliación ambiental que tivo entrada no Rexistro xeral da XMU o día 25.03.2011 (doc. 110041197).

Neste estado da tramitación, con data do 10.11.2015 o PXOM/2008 foi declarado nulo mediante Sentenza do Tribunal Supremo, e outras sobre as que proxectou os seus efectos, co que produciuse a reviviscencia do PXOU-93.

O día 19.03.2016, entrou en vigor a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (no sucesivo, LSG), coa que, segundo explica a súa Exposición de Motivos, se procura unha maior integración da avaliación ambiental estratéxica no procedemento de aprobación do planeamento urbanístico e cuxa disposición transitoria segunda, punto 3, establece: *“Os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial na data de entrada en vigor desta lei deberán adaptarse plenamente a ela”*. Así mesmo, de acordo co artigo 46.2 da LSG, na súa relación co artigo 83.5, as modificacións do planeamento de desenvolvemento deberán someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada.



Concello de Vigo

O 28.04.2016, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 160053981) un oficio do Subdirector xeral de Avaliación ambiental polo que solicita información sobre o estado de tramitación da modificación puntual do Plan Parcial de Navia ao considerar que, ao non contar con aprobación inicial, deberá adaptarse plenamente á LSG. Copia deste oficio foi remitido pola Vicepresidenta da XMU ao IGVS, para o seu coñecemento e procedentes efectos.

Mediante oficio do 03.05.2016, a Vicepresidenta da XMU informou á Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental de que a nomeada modificación puntual non contou con aprobación inicial, ao non terse presentado polo Instituto Galego de Vivenda e Solo (promotor da actuación) un documento enteiramente axustado á normativa de aplicación que permitise a superación dese trámite.

O día 26.05.2016, o Xerente da XMU ditou a Instrución 2/2016 relativa á capacidade modificativa do planeamento de desenvolvemento respecto da limitación do número máximo de vivendas do PXOU-93, publicada no BOP núm. 115 do 16.06.2016 (exp.1040/400).

Con data 06.06.2016, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 160073626) un oficio asinado pola Xefa da Área Provincial de Pontevedra do IGVS polo que achega o documento “MODIFICACIÓN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA. Adaptacións das etapas III-B, IV, V, VI ao Plan Xeral vixente e as novas normativas” e solicita a convalidación da tramitación ambiental en proceso.

Con posterioridade, o 11.06.2016, a Xefa da Área Provincial de Pontevedra do Instituto Galego da Vivenda e Solo achegaba no rexistro xeral do Concello de Vigo (doc. 160077306) un novo oficio no que solicita o inicio do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada, xunto cun borrador de plan e un documento inicial estratéxico para a súa remisión á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Á vista da falta de consonancia entre senllas solicitudes e co fin de proceder ao adecuado despacho do peticionado, mediante oficio do 16.06.2016 a Vicepresidenta da XMU requiriu a oportuna aclaración do IGVS, informándolle, así mesmo, da modificación operada polo artigo 75.3 da LSG a respecto do previsto na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental (no sucesivo, LAA), tocante ao reparto de funcións entre o órgano substantivo e o órgano ambiental e que, por elo, de conformidade co artigo 75.3 da LSG, a solicitude de inicio da tramitación ambiental remitiríase directamente ao órgano ambiental polo promotor.

O día 22.06.2016, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 160084510) un oficio asinado pola Xefa da Área Provincial de Pontevedra do IGVS desistindo do solicitado no oficio do 06.06.2016 e reiterando a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

Así as cousas, con data do 5.07.2016 a Vicepresidenta da Xerencia Municipal de urbanismo, ditou Resolución cuxa parta dispositiva reza como segue,

“ PRIMEIRO: Ter por formulada a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia, como planeamento de desenvolvemento do PXOU-93, de acordo co peticionado nos oficios asinados pola Xefa da Área Provincial de Pontevedra do Instituto Galego da Vivenda e Solo os días 06.06.2016 e 17.06.2016 (con entrada no Rexistro xeral da XMU en datas 06.06.2016 e 22.06.2016, respectivamente), dando por finalizadas as actuacións verificadas para a modificación puntual do Plan Parcial de Navia no procedemento tramitado no expediente 11662/411 como planeamento incorporado ao PXOM/08 declarado xudicialmente nulo,

procedendo o seu arquivo, e incoar o procedemento para a tramitación da 2ª modificación puntual do Plan Parcial de Navia, ao abeiro do planeamento urbanístico e da lexislación vixente.

SEGUNDO: Remitir a documentación presentada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo (documento inicial estratéxico e borrador de plan), que tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo o 11.06.2016 (doc. 160077306), así como os oficios asinados en datas 06.06.2016, 10.06.2016 e 17.06.2016 pola Xefa Territorial Provincial do Instituto Galego da Vivenda en Solo, xunto coa presente Resolución, á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación ambiental) a fin de que practique a tramitación procedimental oportuna, con fundamento no principio de colaboración activa que inspira á Lei 21/2013, de 9 de decembro, de Avaliación ambiental e demais que presiden as relacións entre Administracións Públicas.

TERCEIRO: Notificar esta Resolución ao Instituto Galego da Vivenda e Solo e incorporala aos expedientes 11662/411 e 15666/411 (.....)".

En cumprimento do disposto no apartado segundo da devandita Resolución, mediante oficio da Vicepresidenta desta XMU de data 08.07.2016 (núm. de saída 8220-2016) remitíase á Secretaría xeral de calidade e avaliación ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o documento inicial estratéxico e o borrador de plan, presentados polo IGVS, documentación que tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo o 11.06.2016 (doc. 160077306), así como os oficios asinados en datas 06.06.2016, 10.06.2016 e 17.06.2016 respectivamente pola Xefa territorial provincial do IGVS, co fin de se practique a tramitación procedimental oportuna.

Asemade, e en cumprimento do disposto no apartado terceiro da antedita Resolución, déuselle traslado da mesma ao IGVS, para o seu coñecemento e efectos oportunos, mediante oficio da Vicepresidenta da XMU de data 11.07.2016 (núm. de saída 8253-2016).

O día 09.07.2016, o equipo redactor do proxecto, presentaba no Rexistro xeral da XMU (doc. núm. 160094905) documentación en formato dixital (2 Cds) e asinada dixitalmente, co contido de adaptar a modificación do PP de Navia ás determinacións do PXOU de 1993 vixente e a nova lei do solo 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia; Dita documentación foi remitida a Secretaría xeral de calidade e Avaliación ambiental da CMAOT mediante oficio da Vicepresidenta da XMU de data 13.07.2016 (núm. de saída 8366-2016) como complemento da anteriormente remitida, co fin de que se sega o procedemento.

Con data 22.09.2016, tivo entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 160125553) un oficio subscrito o 20.09.2016 polo Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental, polo que se traslado da Resolución do 20.09.2016 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental sobre o non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a «Modificación puntual do Plan parcial de San paio de Navia», etapas III-B, IV, V, VI, no Concello de Vigo, senón ao procedemento simplificado, formulándose o correspondente Informe ambiental estratéxico, no que se conclúe que non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados da MP, non obstante se establecen unha serie de determinacións en relación ao ciclo hídrico, o patrimonio cultural e á afección á atmosfera; No DOG núm. 194 do 11.10.2016 foi publicado o amentado Informe ambiental estratéxico que se incorpora ao presente expediente, xunto cos informes recibidos durante o período de consultas.

Así as cousas, con data do 25.11.2016 tiña entrada no Rexistro xeral desta XMU, baixo o doc. núm. 160160345, un oficio da xefa da área provincial do IGVS, xunto o que se remite para a oportuna tramitación, de conformidade co disposto nos artigos 74 e seguintes da Lei 2/2016, do 10 de febreiro,



Concello de Vigo

do solo de Galicia dous exemplares en formato dixital do documento para a Modificación puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia, etapas III-B, IV, V, VI; Examinada a documentación remitida, mediante senllos oficios da Vicepresidenta da XMU do Concello de Vigo, de datas 19 e 20 de decembro de 2016, requiríase ao IGVS a necesidade de corrixir unha serie de deficiencias que neles se indicaban.

En cumprimento do requirimento efectuado por esta administración, con data do 24.01.2017 (doc. núm. 170009170) achegábase polo IGVS, un novo exemplar da MP en formato dixital nos que se inclúen as correccións e modificacións pertinentes.

Con data do 08.02.2017, e mediante oficio da Vicepresidenta da XMU (núm. de saída 2315-2017), remitíase á demarcación de estradas do Estado en Galicia, do Ministerio de Fomento, a documentación técnica amentada no parágrafo anterior, co fin de que visto de que se trata dun sector sito na zona de influencia da VG-20, se emita, con carácter previo a súa aprobación inicial, o informe preceptivo previsto no artigo 16.6 da Lei 37/2015, do 29 de setembro, de estradas.

Neste senso, o 20.06.2017 co núm. de doc.170090011, remitíase a esta XMU mediante un oficio do xefe da demarcación de estradas do Estado en Galicia, o acordo do Director xeral de estradas, por delegación no Subdirector xeral da explotación, no que se resolve informar desfavorablemente no que atinxe a súa afección á rede de estradas do Estado a 2ª modificación do Plan Parcial de Navia, Sector PAU 4, polos motivos que nel se reflicten, e a cuxo íntegro contido nos remitimos.

Mediante oficio da Vicepresidenta da XMU de data 21.06.2017, dábase traslado do referido informe de estradas do Estado ao IGVS, aos efectos da introdución no documento das correccións que nel se indican, para a subsanación das deficiencias que nel se manifestan.

En cumprimento do peticiónado, con data do 17.10.2017 (doc. núm. 170141474) recibíase no rexistro xeral desta XMU, un oficio da xefa da área provincial do IGVS, polo que se remite documentación completa, de data setembro de 2017, consistente en dous CDs da Modificación Puntual do Plan Parcial de Navia coas correspondentes modificacións sinaladas pola demarcación de estradas en Galicia do Ministerio de Fomento, así como outros cambios solicitados, co obxecto de continuar coa tramitación procedimental correspondente.

Con posterioridade o 20.10.2017, e como complemento da documentación referida no parágrafo anterior, o arquitecto redactor do proxecto presentaba no rexistro xeral da XMU, (doc. núm. 170143573), consistente nun documento nomeado "*SEPARATA FOMENTO para la Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia*", en formato dixital.

Vista a documentación referida nos parágrafos anteriores, mediante oficio da Vicepresidenta da XMU de data 23.10.2017, (con núm. de saída 21902-2017), remitíase a mesma, á demarcación de Estradas do Estado en Galicia do Ministerio de Fomento, aos efectos da emisión do correspondente informe preceptivo ao presente expediente, de conformidade co disposto na Lei 37/2015, do 29 de setembro de Estradas.

Finalmente, con data do 21.12.2017 recibíase nesta administración (doc. 170179507) un oficio do xefe da demarcación do Estado en Galicia de estradas, ao que se xunta o informe de data 30.11.2017 do subdirector xeral da explotación, por delegación do Director xeral de estradas, no que se resolve informar favorablemente no que atinxe a súa afección á rede de estradas do Estado a 2ª modificación

do Plan Parcial de Navia, Etapas III-B, IV, V Y VI, informe que se incorpora ao presente expediente, e a cuxo contido íntegro nos remitimos.

Elevado o expediente a informe dos servizos técnicos municipais, con data do 09.01.2018 o xefe de urbanización e infraestruturas emite informe ao presente expediente, no que atinxe ás infraestruturas viarias e de servizos urbanos, co contido que extractamos a continuación;

“ INFORME SOBRE LAS INFRAESTRUCTURAS VIARIAS Y DE SERVICIOS URBANOS.

1.- Conexión rodada con la red viaria exterior al ambito.

1.A.- Aspectos relativos a la incidencia sobre la VG – 20.

Se cuenta con el informe favorable del Ministerio de Fomento.

1.B.- Aspectos relativo a la incidencia sobre la Avenida de Europa.

La incorporación del vial V – IV - I de la Etapa IV-B, y del V – V - C de la Etapa V, a la Avenida de Europa se puede plantear con dos modalidades, en forma de T o de rotonda. En el primer caso obliga a la adecuación de la sección transversal de la Avenida de Europa, posibilitando la creación de un carril de tres metros de ancho (3,-m), para permitir el giro a la izquierda de entrada al Plan Parcial de Navia, y de espera para salir en dirección a Samil. En el segundo caso, las glorietas se escaparían de las determinaciones de esta Plan Parcial por necesitar de terrenos en la margen derecha de la avenida, pero sirven como mejor solución al tráfico, más si tenemos en cuenta los proyectos en marcha que sobre dicho vial se encuentran en fase de redacción.

1.C.- Aspectos relativos a la incidencia sobre la rua San Paio, y rua Juncal.

Se considera que los apuntes incluidos en los informes del Director de los Servicios Tecnicos de la Gerencia Municipal de Urbanismo de fechas 23/10/13 y 23/06/14 dentro del Exp – 11662/411, han sido recogidos en la documentación que se informa.

2.- Conexión peatonal con la red viaria exterior al ambito.

2.A.- Aspectos relativos a la incidencia sobre la Avenida de Ricardo Mella.

La incorporación de la rua Ufas a la glorieta bajo la VG – 20, debería disponer de al menos una acera y un tramo de carril – bici, habida cuenta del Proyecto próximo a ejecutar por la Xunta de Galicia, que establece estas infraestructuras en la Avenida de Ricardo Mella (PO – 325) en la zona que nos ocupa, cuestión que entiendo puede resolverse en el correspondiente Proyecto de Urbanización a redactar en el Polígono 2 Fase B.

2.B.- Aspectos relativos a la incidencia sobre la VG – 20.

Sobre la conectividad peatonal con el exterior del Plan Parcial de Navia, que se considera adecuada en el documento que se informa, hay que señalar que se trata de una afirmación ciertamente subjetiva, y que aunque excede del contenido de la Modificación del Plan Parcial, no está de más señalar lo que sobre este aspecto se contiene en mi informe de Noviembre de 2016 “ Informe sobre una vía intermedia en el sistema viario principal “, a propósito del Exp – 15313/411 de Inicio Revisión PGOU 93.

Me refiero al soterramiento de la VG – 20 entre el cruce con la Avenida de Europa y la rotonda con paso elevado del P.K. 2 + 000 de dicha vía, donde entronca también la Avenida de Ricardo Mella, aspecto que sí mejoraría sustancialmente la accesibilidad peatonal hacia el barrio de Coia, y que no entra en colisión con el planteamiento viario de esta 2ª Modificación del Plan Parcial.

3.- Servicios Urbanos.



Concello de Vigo

3.A.- Redes de Abastecimento y Saneamiento.

En los distintos apartados del documento que se informa, en los que se hace referencia a los diferentes servicios urbanísticos, se recogen las puntualizaciones del Informe del Director de los Servicios Técnicos de fecha 23/06/14 dentro del Exp – 11662-411, en referencia a los refuerzos necesarios en estas redes para garantizar la suficiencia de las mismas, de acuerdo con las recomendaciones de la empresa concesionaria.

3.B.- Resto de redes de servicios.

Se consideran adecuados los contenidos referidos a la construcción del resto de las redes de servicios urbanísticos, y la remisión a los correspondientes Proyectos de Urbanización de los tres Polígonos de esta 2ª Modificación del Plan Parcial de Navia, que necesariamente habrán de redactarse para sustituir y/o modificar el aprobado definitivamente en la sesión plenaria del Concello de Vigo el 03/10/97, que abarcaba todo el Plan Parcial. (...)."

Con posterioridade, o 10.01.2018, o Xefe de Desenvolvemento Urbanístico conxuntamente coa Xefa dos Servizos Técnicos desta XMU, subscriben informe detallado á documentación presentada polo IGVS para á aprobación inicial do expediente, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e no que conclúen o que segue:

"(...) Tras a análise da documentación presentada pódese afirmar que:

- Cumpre cos requisitos formais e de contido establecidos na normativa vixente de aplicación (artigos 67 a 69 da LSG e artigos 161 a 176 do RLSG) . O nivel de definición da documentación é adecuada para a súa finalidade.*
- O contido recolle as condicións establecidas no que atinxe ao cumprimento de estándares de reservas, establecidas na lexislación urbanística (art 41, 42 e 43 da LSG) .*
- A Modificación do plan parcial cumpre os parámetros establecidos na ficha de planeamento do PXOU 93 de aplicación e responde aos criterios e obxectivos sinalados polo PXOU 93 e o PAU de Navia aprobado definitivamente en 1996 para dito sector.*
- A Modificación responde aos criterios establecidos no PROTOCOLO DE ACTUACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO PARA O DESENVOLVEMENTO INTEGRAL DO PLAN PARCIAL DE NAVIA (Expediente 4887/401) , tomado en consideración polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo O 12 de febreiro de 2009.*
- A Modificación acóllese á Instrución 2/2016 ditada polo xerente de urbanismo o 16.05.2016 relativa á "Capacidade modificativa do planeamento de desenvolvemento respecto da limitación do número de vivendas do PXOU-93 (expediente 1040/400) , pola cal o número máximo de vivendas reflectido para o solo urbanizable nas fichas do planeamento xeral vixente en Vigo non ten a natureza de parámetro obrigatorio, propio e exclusivo do plan xeral.*
- A Modificación Puntual recolle (art. 3.2.2.) as determinacións incluídas n a Resolución do 20.09.2016 de non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación Puntual do Plan Parcial de San Paio de Navia, etapas III-B, IV, V e VI, no Concello de Vigo e de publicar o Informe Ambiental Estratéxico (publicación que se efectuou no DOGA do 11 de outubro de 2016).*
- Cumpre o establecido nas Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia, Decreto 29/2010 do 4 de marzo.*

• *Cumpra o establecido na Lei 10/2014, de 3 de decembro, de Accesibilidade e Lei 8/1997 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras e no seu regulamento de desenvolvemento, decreto 35/2000 de 28 de xaneiro.*

• *Cumpra co establecido no RD Lex. 7/2015, de 30 de outubro (Texto refundido de la “Ley del Suelo y Rehabilitación Urbana”) para as actuacións de nova urbanización.(...)”*

Faise constar finalmente que se incorpora ao presente expediente como antecedentes do mesmo, á documentación contida no expediente tramitación baixo o núm. 111662/411; así como a ficha do PAU de Navia no PXOU de 1993 e informes dos expedientes 11662/411 e 199/403, concretamente o informe emitido pola Área de autorizacións e concesións da Subdirección xeral do Dominio Público Hidráulico do 23.11.2011 verbo da capacidade de abastecemento e saneamento, e o informe suscrito polos servizos técnicos da XMU o 13.10.2014 verbo da viabilidade funcional das infraestruturas necesarias para o desenrolo do sector S-72-R Navia modificado.

II.- FUNDAMENTOS DE DEREITO / VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada.

- TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),
- LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),
- RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),
- Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio,
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia,
- L. 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación ambiental,
- L. 37/2015, do 29 de setembro, de Estradas do Estado,
- L. 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia,
- L. 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia,
- L.8/2012, do 29 de xuño, de Vivenda de Galicia,
- L.10/2014, do 3 de decembro, de Accesibilidade,
- L. 37/2003, do 17 de novembro, de ruído,
- D. 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia,
- D.29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia,
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
- Instrución 2/2016, relativa á capacidade modificativa no Planemento de desenvolvemento respecto da limitación do número máximo de vivendas do PXOU-93,
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
- PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,



Concello de Vigo

- Plan Parcial de Navia, aprobado definitivamente con data do 03.06.1996 e a súa Modificación puntual documento refundido aprobado definitivamente con data 25.04.2005,
- O resto de disposicións que poidan afectar,

II. Descrición do ámbito, obxectivos e natureza xurídica da Modificación puntual do Plan Parcial de Navia

O ámbito da actuación é o sector do solo urbanizable previsto no vixente PXOU de 1993 de Vigo, emprazado na zona Oeste deste termo municipal, entre as parroquias de Navia e Alcabre, que linda ao Norte coas Avenidas de Europa e Castela, ao Sur coa autovía de circunvalación VG-20, polo Leste co cemiterio de Bouzas e as rúas Porriño e Cañiza, e polo Oeste coa rúa de San Paio e zoas residenciais das parroquias de Santa Baia de Alcabre e San Paio de Navia.

A actuación residencial de Navia, incluída no PXOU de 1993 procede do Convenio de colaboración suscrito o 30.01.1992 entre o Concello de Vigo e o IGVS, da antiga Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, para a preparación de solo residencial en Vigo.

O solo do sector de NAVIA, clasificado polo PXOU/93 como solo urbanizable non programado (clasificación desaparecida actualmente da vixente lei do solo), xa foi programado a través dun PAU (figura de planeamento da lexislación anterior, igualmente desaparecida con posterioridade) e ordenado a través dun Plan Parcial, na actualidade executado parcialmente (As fases abordadas ata este intre son as Etapas I, II, e III Fase A).

O ámbito abrangue o sector completo, que delimitado nos planos do vixente PXOU de 1993 e na ficha deste plan acadan unha superficie de 738.090 m², e que foi axustado no Plan Parcial e a súa Modificación puntual a unha superficie de 728.865 m².

O ámbito da presente modificación é o delimitado no plano de información INF.10 e INF.12 (escala 1/2000), e nos puntos 3.3.1 e 3.3.6 da Memoria Xustificativa, na que se precisan os novos axustes derivados do levantamento topográfico e o estaquillado do ámbito levado a cabo por Xestur sobre a estrutura parcelaria, resultando un ámbito final de todo o sector de 726.530 m² (incluíndo os terreos xa ocupados polo vial VG-20 que no PXOU de 1993 tamén se incluían)

No punto 3.3.5 da Memoria xustificativa da Modificación do PP xustifícase o sistema de xestión, manténdose o sistema de expropiación previsto no Plan Xeral, que será levado a cabo polo IGVS; Xestur Pontevedra ten encomendado polo IGVS a xestión desta actuación urbanística

Desta forma na documentación presentada descríbese e xustifícase os obxectivos da Modificación proposta que consiste basicamente en:

- Supresión do número máximo de vivendas mantendo a mesma edificabilidade remanente,
- Nova proposta de ordenación detallada nas etapas pendentes para dar continuidade ao tecido residencial extensivo,
- Definición de un novo viario das zonas pendentes e conexión viaria, accesos e estudo de tráfico e mobilidade,
- Xustificación de normativas de aplicación,

Como resultado, a documentación presentada arroxa o cadro comparativo que se reflicte no informe asinado conxuntamente polo Xefe de Desenvolvemento Urbanístico e pola Xefa da Área Técnica, con data 10.01.2018 e que se reproduce a continuación:

	PXOU 93	PLAN PARCIAL VIXENTE			MODIFICACIÓN PROPOSTA		
		FASES EXECU- TADAS	FASES PENDEN- TES	TOTAL	FASES EXECU- TADAS	FASES PENDEN- TES	TOTAL
SUPERFICIE SECTOR	738.090 m2s	461.493 m2s	267.372 m2s	728.86 5 m2s	461.493 m2s	265.037 m2s	726.530 m2s
EDIFICABILI- DADE TOTAL	738.090 m2c	483.659 m2c	234.150 m2c	717.80 9 m2c	483.659 m2c	234.149 m2c	717.808 m2c
NÚMERO DE VIVENDAS	4.836 viven- das	3.732	613	4.345 viven- das	3.732	1.598	5.330 vivendas

Deste xeito, e no que atinxe ao ámbito e aos obxectivos da presente Modificación, remitímonos integramente ao reflectido no antedito informe técnico, que se incorpora ao presente expediente e lle serve de motivación á presente proposta.

Neste senso, a súa natureza é a da modificación dun plan de desenvolvemento, dos relacionados nos artigos 67, 68 e 69 da LSG e nos artigos 161 a 176 do seu Regulamento de desenvolvemento, coas finalidades, obxecto e documentación que neles se describen.

III. Razóns de interese público para a Modificación

Sentada a necesidade da modificación do Plan Parcial, o artigo 83.1 da LSG dispón que calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas, neste caso encamiñadas á mellora da ordenación urbanística vixente; Esta ordenación pretende dar continuidade ao tecido residencial extensivo existente ata os estruturantes do novo polígono, xa executados nos sucesivos procesos de urbanización das Etapas I, II y III-A.

Remitimos neste apartado e damos así por reproducida a xustificación da modificación do planeamento consonte ao que se recolle na Carpeta de Títulos e Anexos, concretamente na Memoria xustificativa (Título II da documentación presentada) e nos informes técnicos que obran no expediente.

IV. Exame da documentación técnica e cumprimento da normativa de aplicación.

A Modificación puntual do Plan Parcial de Navia, que neste intre se somete a aprobación inicial, consiste na documentación presentada no Rexistro xeral desta XMU con datas 17 e 20 de outubro de 2017 (doc. 170143474 e doc.170143573) pola Xefa da área provincial do IGVS, que inclúe dous exemplares en formato dixital, conformado pola documentación que a continuación se relaciona, e asinada dixitalmente o 13 de outubro de 2017 polo arquitecto don Rodrigo Portanet Fontana.

- CARPETA DE TÍTULOS E ANEXOS: Título I: Memoria informativa; Título II: Memoria xustificativa; Título III: Ordenanzas reguladoras; Título IV: Plan de Etapas; Título V: Estudo Económico-Financiero; Título VI: Informe de sustentabilidade económica; Título VII: Relación de planos.



Concello de Vigo

- CARPETA PLANOS: Planos de información; Planos de Ordenación.
- ANEXOS: Anexo I: Cadro de características; Anexo II: Resolución de acordos; Anexo III: Catálogo de elementos (inclúe as fichas de catalogación dos tres hórreos e a eira que se catalogan no ámbito); Anexo IV: Estudio da paisaxe urbana; Anexo V: Estudio da Avaliación de Mobilidade; Anexo VI: Informe Ambiental estratéxico e informes sectoriais; Anexo protexido (relación de propietarios catastrais, protexido pola lei de protección de datos).
- CARPETA DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO
- CARPETA ESTUDO ACÚSTICO
- CARPETA ESTUDO ELECTROMAGNÉTICO
- CARPETA TRABALLO DE CAMPO

Sobre a suficiencia e conformidade da documentación *supra* relacionada e da ordenación proposta, informou en data 10.01.2018 a Xefa da Área Técnica conxuntamente co Xefe de Desenvolvemento Urbanístico, no que conclúen sobre o cumprimento, pola Modificación do Plan Parcial presentado, da normativa urbanística e sectorial de aplicación. Tamén obra no expediente o informe do Xefe de Urbanización e Infraestruturas de data 09.01.2018 no que atinxe as infraestruturas viarias e servizos urbanos.

Pola súa banda, e no que respecta aos aspectos económicos da presente modificación puntual, singularmente no referente a súa incidencia nas Facendas públicas, deberá ser informado polo Interventor municipal para a súa consideración polo órgano competente na adopción do acordo que proceda.

V. Modificación dos plans parciais/ Formulación

As modificacións de calquera dos elementos dos plans suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación, tal e como pauta, a este respecto o artigo 83.5 da LSG.

No que respecta a súa formulación, o artigo 74 da LSG e no mesmo senso o artigo 185 do seu Regulamento de desenvolvemento, estipula que os plans parciais e os plans especiais, e por conseguinte, as súas modificacións poderán ser formulados polos Concellos, pola administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

VI. Avaliación Ambiental estratéxica

Consta como se ten significado no corpo da presente, Resolución de data 20.09.2016 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, pola que se adopta a decisión de non sometemento ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria á «Modificación puntual do Plan parcial de San paio de Navia», etapas III-B, IV, V, VI, no Concello de Vigo, senón ao procedemento simplificado; formulándose o correspondente Informe ambiental estratéxico, no que se conclúe que non cabe esperar que se produzan efectos ambientais significativos derivados da MP, non obstante se establecen unha serie de determinacións en relación ao ciclo hídrico, o patrimonio cultural e á afección á atmosfera; No DOG núm. 194 do 11.10.2016 foi publicado o amentado Informe ambiental estratéxico que se incorpora ao presente expediente, xunto cos informes recibidos durante o período de consultas. De conformidade co previsto no artigo 75.3.b) da LSG e no artigo 186.3.b) do seu Regulamento de desenvolvemento, e ao non preverse efectos significativos no medio, o Plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe ambiental estableza.

VII. Procedemento de tramitación

A presente modificación do Plan Parcial de Navia, ten a natureza dun instrumento de planeamento de desenvolvemento previsto no PXOM/1993, poren a súa tramitación e aprobación axustarase as regras establecidas no artigo 75 da LSG e 186 do seu Regulamento de desenvolvemento, do xeito que segue:

- Aprobación inicial da Modificación do plan parcial, polo órgano municipal competente e sometemento a información pública, como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Asemade notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. Durante o mesmo tempo no que se realiza o trámite de información pública, a Administración municipal deberá solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais e consultas que resulten preceptivos. Os informes sectoriais autonómicos deberán ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal entenderanse emitidos con carácter favorable.

Por imperativo do artigo 25 do RDLex.7/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo estatal, a documentación que se exporá ao público incluírá un resumo executivo expresivo dos extremos que en dito artigo se definen; Asemade efectuarase a publicidade telemática do anuncio de sometemento a información pública na sede electrónica do Concello de Vigo

- Cando con posterioridade ao trámite de información pública, se pretenderan introducir modificacións que supoñan un cambio substancial do documento inicialmente aprobado abrirase un novo trámite de información pública.
- Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto da integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade do plan coa lexislación vixente.
- Cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, o órgano municipal competente procederá a súa aprobación definitiva.

Polas singularidades concorrentes no ámbito que nos ocupa, deberan recadarse cando menos, os seguintes informes sectoriais que a continuación se citan cun carácter meramente indicativo e non excluínte dos demais que correspondan, e nas seguintes fases de tramitación:

- Pola colindancia do sector coa Avenida Ricardo Mella (PO-325), estrada de titularidade autonómica, con posterioridade á aprobación inicial deste instrumento de planeamento, deberá solicitarse informe da Axencia Galega de Infraestruturas, segundo o disposto no artigo 23.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia.
- Deberá solicitarse trala aprobación inicial deste instrumento, informe vinculante da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, en virtude do pautado no artigo 34.2 da Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio cultural de Galicia, en relación co traballo de campo e prospección arqueolóxica realizada e de conformidade coa proposta de catalogación que figura no Anexo III, de tres hórreos e una eira e as propostas de actuación que figuran nas respectivas fichas.
- O Sector atópase en parte, na zona de ordenación e na zona de mellora paisaxística dentro do ámbito do POL, neste senso, deberá remitirse a informe do Instituto do Estudos do Territorio da CMAOT no período de información pública no procedemento de aprobación do instrumento.

O Plan definitivamente aprobado someterase ás esixencias de publicidade que dispón o artigo 82 da LSG en relación co artigo 87 e 88 do mesmo corpo legal, e 199 do seu Regulamento de desenvolvemento, á inscrición do instrumento no Rexistro de planeamento urbanístico de Galicia, e ao que dispoña a tal efecto a lexislación de réxime local.



Concello de Vigo

Dito instrumento de planeamento urbanístico será inmediatamente executivo trala a súa entrada en vigor, segundo o disposto no amentado artigo 82 da LSG.

VIII. Aprobación inicial

A aprobación inicial ten un carácter de trámite unanimamente recoñecido pola doutrina e xurisprudencia, se ben esta é esencial, en canto inicia o procedemento e ademais, no senso de que a súa omisión, ou incluso incorrecto cumprimento, provocan un vicio determinante de anulabilidade do procedemento (artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas). A súa vez dito acto de aprobación inicial, implica unha toma de posición sequera de carácter inicial, respecto dunha determinada realidade urbanística e da súa normativa.

IX. Suspensión de licenzas

De conformidade co previsto no artigo 47.2 da LSG *o acordo de aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas naqueles ámbitos do territorio obxecto de planeamento no caso no que as novas determinacións do mesmo supuxeran a modificación da ordenación urbanística vixente. A estes efectos determinarase expresamente as áreas afectadas pola suspensión.* Dita suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende dita aprobación inicial, extinguíndose, en calquera caso, coa aprobación definitiva do planeamento, se ben unicamente afectará a aquelas licenzas que foran desconformes coa nova ordenación proxectada.

O ámbito afectado constitúe o delimitado no plano de información INF.10 e INF.12 (escala 1/2000), e nos puntos 3.3.1 e 3.3.6 do Título II- da Memoria Xustificativa, incluída na Carpeta de Títulos e Anexos.

X. Órgano competente

A competencia para aprobar inicialmente a «Modificación puntual do Plan Parcial de Navia» corresponde á Xunta de Goberno Local (art. 127.1.d] LRBR), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (art. 10º.1.b) dos Estatutos da XMU).

En consecuencia, visto o que antecede, e sen prexuízo do informe a emitir polo Interventor municipal, e de conformidade co informe técnico emitido conxuntamente pola Xefa da Área Técnica e polo Xefe de Desenvolvemento urbanístico desta XMU en data 10.01.2018, que se incorporan ao expediente e ao texto da presente e lle serven de fundamentación consonte ao disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, proponse á Xunta de Goberno Local, adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: *Prestar aprobación inicial á «Modificación puntual do Plan Parcial de Navia», instrumento urbanístico de iniciativa particular promovido polo IGVS, que inclúe a documentación presentada pola Xefa da Área Provincial de Pontevedra, con datas 17.10.2017 e 20.10.2017 (doc. núm. 170141474 e 170143573 de rexistro de entrada nesta administración), consistente en dous exemplares en soporte dixital do documento para a Modificación puntual do Plan Parcial de Navia, Etapas III- B, IV, V e VI, así como o documento nomeado “SEPARATA FOMENTO para la Demarcación de Estradas do Estado en Galicia”, consistente en dúas copias en formato dixital, documentación toda ela asinada dixitalmente polo arquitecto don Rodrigo Portanet Fontana con datas do 25.09.2017 e 13.10.2017.*

SEGUNDO: *Someter a información pública o expediente incluíndo o resumo executivo, polo prazo de dous meses, mediante a publicación de anuncios no DOG, nun dos xornais de maior circulación da provincia, no Taboleiro de edictos desta XMU e na sede electrónica do Concello de Vigo, a efectos de que durante dito período poidan formularse alegacións e as suxestións pertinentes, computándose o remate do*

referido prazo de alegacións dende a data da publicación do anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, dilixenciándose a documentación exposta pola Secretaría xeral, con notificación individual ás persoas titulares catastrais dos terreos afectados segundo relación catastral incorporada ao expediente.

Durante o referido prazo recadaranse os informes sectoriais que resulten preceptivos, de conformidade coa normativa urbanística e sectorial de aplicación.

TERCEIRO: *Acordar, consonte o disposto no 47.2 da LSG a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado no que resulte incompatible coa nova ordenación, significando que o mesmo confórmase polo ámbito que se reflicte nos planos de información INF.10 e INF.12 (escala 1/2000), e nos puntos 3.3.1 e 3.3.6 do Título II- da Memoria Xustificativa, incluída na Carpeta de Títulos e Anexos, que asemade, serán obxecto da publicación referida no parágrafo precedente.*

Non obstante, o órgano competente para resolver decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

O Consello de Xerencia da Xerencia municipal de Urbanismo, con data 19/01/18, adopta o seguinte acordo: "O Consello, por unanimidade, acorda elevar á Xunta de Goberno Local a presente proposta para a súa resolución."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(57).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE DATA 4/01/18 POLA QUE SE CONSTITUE O COMITÉ TÉCNICO DO ESQUEMA NACIONAL DE INTEROPERABILIDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 262/1102.

Dáse conta da Resolución de data 4/01/18, asinada polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, e a secretaria do Goberno local, que di o seguinte:

I.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 4 de novembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

***Primeiro.-** Impulsar a elaboración do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na alíñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.*

***Segundo.-** A dirección política do Plan corresponderalle ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, quedando facultado para a adopción das medidas executivas e de desenvolvemento que resulten precisas.*

***Terceiro.-** Constituír, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, que se integrará por:*

–O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns

–A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dña. Margarita Parajó Calvo



Concello de Vigo

–A Secretaría do Goberno Local, Dna. M^a Concepción Campos Acuña

–O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez

–A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. M^a del Carmen Pazos Area que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantir a consecución dos obxectivos previstos no Plan.

Cuarto.- Todas as áreas e servizos municipais deberán colaborar no desenvolvemento dos traballos de elaboración, desenvolvemento e execución do Plan, e cando así resulte oportuno, a Comisión Técnica propondrá ao Concelleiro responsable a constitución, mediante a respectiva resolución, de Grupos de Traballo Sectoriais nos que deberán integrarse, alomenos, os responsables das áreas e servizos municipais afectados, aos que corresponderá a responsabilidade na tramitación dos expedientes que afecten ao seu ámbito competencial que se deriven do Plan, coa correspondente emisión de informe-proposta e seguimento na súa execución.

Quinto.- De resultar necesario, para a concreción deste Plan, o despliegue de produción normativa local á que resulte de aplicación o tramite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, ésta desenvolverase, con carácter previo á redacción do texto normativo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os Xefes de Área e de Servizo e ordear a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.”

A composición da Comisión Técnica ampliouse con posterioridade por acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xaneiro de 2017, incorporando ao interventor xeral á mesma, e dentro da metodoloxía e planificación acordada os traballos sectoriais están sendo abordados a través de diferentes Grupos de Traballo. Na actualidade están constituídos o GT de Rexistro Electrónico, o GT do Esquema Nacional de Seguridade e do Esquema Nacional de Interoperabilidade, unicamente afectando ao ENI os traballos relativos á Política de Sinatura e Selo Electrónico de Certificados da Administración e o GT de Contratación Electrónica.

No marco dos traballos encomendados pola Xunta de Goberno no citado acordo e reunida a Comisión Técnica do Plan o día 24 de febreiro, coa totalidade dos seus membros, levouse a cabo a valoración do estado de execución das accións xa emprendidas e de novas accións a emprender, dende a consideración de que nos mesmos se deben integrar os obxectivos da aplicación do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI), como conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas Administracións Públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade. Esta normativa oríentase á creación das condicións necesarias para garantir o adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa dos sistemas e aplicacións empregados polas

Administracións públicas. Así se establece no artigo 156 LRJSP, de xeito que o seu ámbito de aplicación alcanza a:

- Á Administración Xeral do Estado, Administracións das Comunidades Autónomas e ás Entidades que integran a Administración Local, así como ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes das mesmas.
- Á cidadanía nas súas relacións coas Administracións Públicas.
- Ás relacións entre as distintas Administracións Públicas

II.- O grupo de traballo Sectorial de Interoperabilidade e a Política de Seguridade da Información, a Normativa Técnica do ENS.

Ante este escenario considerouse prioritario proceder á constitución do Grupo de Traballo Sectorial de Interoperabilidade, para a definitiva adecuación ao disposto no ENI, así como ás disposicións derivadas, como Resolución de 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, de aprobación da Norma Técnica de Interoperabilidade de Política de xestión de documentos electrónicos, en cumprimento do establecido na Disposición Adicional Primeira do ENI, e conforme a que a política de xestión de documentos electrónicos incluírá directrices para a asignación de responsabilidades, tanto directivas como profesionais, e a definición dos programas, procesos e controis de xestión de documentos e administración dos repositorios electrónicos, e a documentación dos mesmos, a desenvolver polas Administracións Públicas e polas Entidades de Dereito Público vinculadas ou dependentes daquelas. Nese senso os traballos terán por obxecto, nunha primeira fase, a aprobación dunha política de xestión documental conforme coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) e Lei 40/2015, do 1 outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), sen prexuízo da posterior ampliación a diferentes fases.

Para o axeitado desenvolvemento dos traballos de elaboración e posta en marcha do Plan e garantir a adecuación sectorial dos amplos contidos afectados por Resolucións do concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Admon. Electrónica de datas 18/11/16 (Rexistro e ENI-ENS), 16/12/16 (Contratación), 27/12/16 (Modificación Rexistro), 08/03/17 (interoperabilidade), das que se deu conta á Xunta de Goberno Local, reunións do 30/12/16 e 23/03/17, foron constituídos os seguintes Grupos de Traballo Sectorial: do Rexistro Electrónico, do Esquema Nacional de Seguridade e Esquema Nacional de Interoperabilidade, de Contratación e do Esquema Nacional de Interoperabilidade (no ámbito da Política de Xestión Documental).

En relación co GT do ENI, estableceuse un desenvolvemento dos traballos que se conxuga coa temporalización establecida na norma, por canto a Disposición final sétima da LPAC sinala que as previsións relativas ao arquivo electrónico producirán efectos aos dous anos da entrada en vigor da Lei e co mecanismo establecido na Disposición adicional segunda, en canto ao establecemento pola Administración Xeral do Estado de plataformas e rexistros de adhesión voluntaria, aínda que en aplicación combinada co principio de eficiencia nos



Concello de Vigo

termos sinalados no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenedibilidade Financeira.

Como resultado dos traballos do Grupo de Traballo Sectorial ENS e ENI, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 30 de decembro de 2016 adoptou o seguinte acordo relativo á “Política de Seguridade da Información”, (Expte. 6870/113)” coa seguinte parte dispositiva:

“1.- Aprobar o documento de “Política de Seguridade da Información” dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

Esta Política de Seguridade da Información é efectiva desde a data de aprobación da mesma en Xunta de Goberno Local e ata que sexa substituída por unha nova Política.

2.- Publicar o documento de “Política de Seguridade da Información” na Sede Electrónica do Concello de Vigo así como nos sistemas internos de información como Intranet e Portal do Empregado para garantir a súa máxima difusión entre o persoal municipal.

3.- Tomar coñecemento da documentación esixida dentro do marco do organizativo do ENS formado por:

- Informe de Análise de Riscos.*
- Plan de adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade.*
- Plan de mellora da seguridade.*

4.- Tomar coñecemento do Documento de Seguridade, de acordo co artigo 88 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de 1999, de protección de datos de carácter persoal.”

Na mesma liña, por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data 16 de marzo do ano 2017 procedeuse á aprobación da “Normativa Técnica do ENS” coa seguinte parte dispositiva:

1. “Aprobar dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, a seguinte normativa técnica acordada polo Comité de Seguridade en data 07/03/2016:

- NO-01 Normativa de seguridade da información*

Este documento contén os principios básicos xerais polos que se debe rexir o uso dos sistemas de información co Concello de Vigo.

- NO-02 Normativa de utilización dos recursos e sistemas de información*

Este documento contén a Normativa Xeral de Utilización dos Recursos e Sistemas Información do Concello de Vigo, xestionados ou baixo a responsabilidade do Concello de Vigo, sinalando así mesmo os compromisos que adquiren os seus usuarios respecto da súa seguridade e bo uso

- NO-03 Normas de acceso a Internet*

O obxectivo desta norma é regular o acceso a Internet por parte dos usuarios dos Sistemas de Información do Concello de Vigo posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.

- **NO-04 Normas de uso do correo electrónico**

O obxectivo desta norma é regular o acceso e utilización do correo electrónico (e-mail) por parte dos usuarios dos Sistemas de Información do Concello de Vigo, desde as distintas sedes do Concello de Vigo ou a través delas, posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.

- **NO-05 Normas para traballar fóra das instalacións**

O obxectivo desta norma é regular o traballo do persoal do Concello de Vigo cando desenvolva a súa actividade profesional fóra dos edificios, dependencias ou instalacións do Concello de Vigo posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.

- **NO-06 Normas de creación e uso de contrasinais**

O obxectivo desta norma é regular a creación e uso de contrasinais robustas, cando este sexa o mecanismo de autenticación usado para o acceso a determinados sistemas ou servizos do Concello de Vigo.

- **NO-07 Acordo de confidencialidade e de protección de datos de carácter persoal para terceiros**

O obxectivo desta norma é proporcionar un modelo de acordo de Confidencialidade e de Protección de datos de carácter persoal para Terceiros do Concello de Vigo.

- **NO-08 Modelo de contido de boas prácticas para terceiros**

O obxectivo desta norma é presentar un modelo de contido de boas prácticas para terceiros, que presten servizos no Concello de Vigo.

2. Aprobar dentro do marco normativo do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade , a seguinte normativa técnica:

NO-09 Políticas de certificación de certificado de empregado público

O obxectivo desta norma é regular a emisión, xestión e utilización de Certificados Electrónicos de Empregado Público para traballadores e traballadoras do Concello de Vigo co propósito de identificación, sinatura electrónica e cifrado.

3. Aprobar a difusión interna da normativa técnica do ENS mediante o Portal do Empregado e a Intranet municipal, sen menoscabo do uso de outros medios internos de difusión se fose preciso para o seu xeral coñecemento.”



Concello de Vigo

Á vista dos ditos a Xunta de Goberno Local, en sesión de 4 de maio de 2017, a proposta da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal do Concello de Vigo, adoptou o seguinte acordo:

“Declarar conclusos os traballos encomendados ao Grupo de Traballo do Esquema Nacional de Seguridade e do Esquema Nacional de Interoperabilidade, por ter cumprido coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo nesta materia asignadas por Resolución desta Concellería de data 18 de novembro de 2016, como resulta dos acordos da Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2016 e de 16 de marzo de 2017 e, en consecuencia, resultar procedente a súa disolución.”

III.- A política de xestión documental e o Comité Técnico do ENI

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de maio de 2017 adoptou acordo de aprobación do documento de “Política de Xestión Documental”, dentro do marco normativo do Real Decreto 4/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade e os seus Anexos (Expte. 8175/113)

No documento documento de Políticas de Xestión Documental nos puntos 87 e 88 prevese a creación do Comité Técnico do ENI, co obxecto de avaliar e facer un seguimento do seu cumprimento, propoñer a aprobación dos requisitos, medios e normas técnicas para a súa aplicación, e tomar as medidas adecuadas para a correcta implantación desta Política e o seu desenvolvemento. No punto 88 o documento contempla que os membros que integren o dito Comité serán designados por acordo do órgano competente, e terán os seguintes perfís:

- Responsable da Dirección do Procedemento Administrativo: Perfil de concelleiro/a de Xestión Municipal. Corresponde co rol e responsabilidades referidos no artigo 19 da Política: Dirección.
- Responsables de Planificación e procesos : Perfil de funcionarios/as pertencentes á escala de Administración Xeral. Corresponde co rol e responsabilidades definidos no apartado 19: Responsables de procesos de xestión.
- Responsables da área técnica: Perfil dun técnico/a superior TIC e un arquivista/a. Corresponde co rol e responsabilidades definidos no apartado 19: Responsables da planificación, implantación e administración do programa de tratamento de documentos.

En canto ás diferentes responsabilidades, no apartado 19, o citado documento realiza as seguintes asignacións:

1.- *Dirección.*- A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo integrará a política de xestión de documentos co resto das políticas da súa organización e deberá:

- Aprobar e impulsar a presente política e calquera outra normativa, instrumentos e regulacións específicas relacionadas coa xestión de documentos electrónicos
- Revisar a política periodicamente e decidir e impulsar as accións de mellora precisas.

- Corresponderá á Concellería Delegada competente:
 - Establecer, manter e promover a política e obxectivos de xestión documental para incrementar a conciencia, motivación e cumprimento da organización.
 - Asegurar que as responsabilidades e competencias da xestión de documentos están definidas, asignadas e comunicadas a toda a organización.
 - Asegurar que se establece, implementa e mantén unha política de xestión efectiva e eficiente para alcanzar os obxectivos da organización.
 - Asegurar a dispoñibilidade dos recursos e capacitación necesarios para apoiar e manter dita política.

Os ditos roles terán representación no Comité Técnico do ENI co perfil de Responsable de Dirección do Procedemento Administrativo.

2.- Os responsables de procesos de xestión. Os responsables dos procesos de xestión aplicarán a Política de xestión de documentos no seo da organización, garantirán o exercicio dos dereitos recoñecidos aos cidadáns, e adoptarán as medidas necesarias para a difusión da política de xestión de documentos electrónicos e dos procedementos relacionados coa xestión documental entre todo o persoal ao seu cargo. Este rol correspóndese co perfil de Responsable de Planificación e Procesos.

3.- Responsables da planificación, implantación e administración do programa de tratamento de documentos. O persoal responsable da planificación, implantación e administración do programa de tratamento de documentos inclúe tanto a arquivistas e expertos en xestión documental como a administradores de sistemas e desenvolvedores de aplicacións. Os profesionais da xestión de documentos son responsables de todos os aspectos relacionados con ela, incluídos o deseño, a implementación e o mantemento dos sistemas de xestión e a formación de usuarios.

Tamén forman parte desta categoría os administradores de sistemas, quenes son responsables de garantir que toda a información sexa precisa e lexible e que estea a disposición do persoal autorizado para acceder a ela sempre que se necesite. Os arquivistas e expertos en xestión documental, en colaboración cos responsables dos procesos de xestión, levan a cabo a identificación e valoración documental, establecen os cadros de clasificación e as normas de conservación das diferentes series documentais que posteriormente serán ditaminadas e participan na planificación e a implementación das políticas e os procedementos de xestión de documentos. En cada unha das tarefas técnicas mencionadas anteriormente será igualmente esencial a participación activa dos funcionarios de administración local de carácter nacional para garantir a correcta aplicación da Política de Xestión Documental. Este rol se reflicte no Comité Técnico do ENI co perfil de Responsable da área técnica.

E finalmente, *o persoal implicado nas tarefas de xestión.* O persoal implicado nas tarefas de xestión, categoría que inclúe a todos os empregados non encadrados nas anteriores, son responsables de manter os documentos precisos e completos sobre as súas actividades, de facer un uso apropiado dos sistemas de información que tratan documentos electrónicos, e



Concello de Vigo

de fornecer a información requirida polo Sistema de Xestión Documental para os efectos de trazabilidade e cumprimento de normativa.

Esta distribución de funcións entre os actores involucrados na xestión dos documentos electrónicos será sen prexuízo do que se dispoña nos decretos de estrutura orgánica para o exercicio das competencias que correspondan ás unidades administrativas do Concello de Vigo.

IV.-Neste intre, e conforme coas necesidades detectadas no marco do Plan de Transformación Dixital, resulta conveniente a constitución dun novo Grupo de Traballo Sectorial do Esquema Nacional de Interoperabilidade, conforme á secuencia temporal xa anunciada, e coa finalidade de detallar e desenvolver o cadro de clasificación documental aprobado como Anexo 3 do documento de Política de Xestión Documental e o catálogo de procedementos do Concello de Vigo, nunha primeira fase, respecto aos procedementos de carácter transversal e que afecten a un maior número de servizos e áreas municipais. Así mesmo, nesta fase, considérase prioritario abordar a adaptación da tramitación dos expedientes en materia de contratación ás novas disposicións da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sen prexuízo de cantas accións resulten necesarias para unha mellor xestión documental e adaptación ás previsións da normativa de aplicación.

A natureza dos traballos a abordar polo Comité, requiren unha composición multidisciplinar nos termos descritos e na que se alineen os traballos do Concello co Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, dada a súa integración no ámbito subxectivo do Plan de Transformación Dixital da Administración Municipal, polo que a Comisión Técnica do Plan, no exercicio das súas funcións, nos termos establecidos no apartado terceiro do citado acordo da Xunta de Goberno Local, á vista das consideracións expostas na toma de decisións en ámbitos de tanta relevancia, acordou propoñer ao concelleiro delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica sobre constitución de Grupos de Traballo sectoriais para a súa consideración, a constitución do Comité Técnico do Esquema Nacional de Interoperabilidade, co obxecto anteriormente sinalado.

En atención aos obxectivos definidos para os traballos que se encomendan ao Grupo de Traballo, na súa composición, en particular en relación cos responsables de planificación e procesos, debería utilizarse un criterio de agregación de servizos centrais, entendendo como tal aqueles que xestionan expedientes transversais, así como a presenza do Servizo de Contratación, para os efectos de abordar as tarefas de actualización da xestión á entrada en vigor das previsións da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o vindeiro 9 de marzo; así mesmo, e ante a situación de vacante da Xefatura do Arquivo Municipal, incorpórase a responsable do Arquivo do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, polo que a Comisión Técnica do Plan de Transformación Dixital

propón a constitución para o Comité Técnico do Esquema Nacional de Interoperabilidade do Concello de Vigo, no que se integrarán:

- Como responsable da Dirección do Procedemento Administrativo, correspondente co rol e responsabilidades de Dirección da Política de Xestión Documental Municipal: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica,
- Como responsables da Planificación e Procesos, correspondente co rol e responsabilidades de procesos de Xestión da Política de Xestión Documental Municipal:
 - D^a Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación
 - D^a Olga Gómez Corbal, interventora adxunta
 - D^a Susana García Álvarez, letrada-xefe Servizo de Asesoramento, Asesoría Xurídica
 - D^a María Dapena Gómez, xefa de Área de Recursos Humanos e Formación
- Como responsables da área técnica, correspondente co rol e responsabilidades da planificación, implantación e administración do Programa de Tratamento de Documentos.
 - D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica
 - D^a Carolina Pérez Aguilera , xefa do Arquivo da XMU
 - D. Pablo Sevilla Valcárcel, técnico responsable de Administración Electrónica da XMU

asistidos no seu labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal do Concello de Vigo, e polo persoal municipal de apoio que resulte necesario para acadar os seus obxectivos, coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo nesta materia, nos termos sinalados na parte expositiva da presente resolución.

Polo exposto, e no marco da execución das previsións normativas recollidas na Lei 39/2015 e Lei 40/2015, no Real Decreto 3/2010, polo que se aproba o Esquema Nacional de Seguridade, e no Real Decreto 4/2010, polo que se aproba o Esquema Nacional de Interoperabilidade, e normativa técnica de desenvolvemento, así como de conformidade coa políticas de seguridade de xestión documental do Concello de Vigo, e á vista da proposta formulada pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal do Concello de Vigo, no exercicio das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015, e posteriores modificacións, e por acordo a Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016,

RESOLVO:



Concello de Vigo

Primeiro.- Constituír o Comité Técnico do Esquema Nacional de Interoperabilidade do Concello de Vigo, no que se integrarán:

- Como responsable da Dirección do Procedemento Administrativo, correspondente co rol e responsabilidades de Dirección da política de xestión documental municipal.: D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, concelleiro-delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración electrónica,
- Como responsables da Planificación e Procesos, correspondente co rol e responsabilidades de procesos de xestión da Política de Xestión Documental Municipal:
 - D^a Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación
 - D^a Olga Gómez Corbal, interventora adxunta.
 - D^a Susana García Álvarez, letrada-xefe Servizo de Asesoramento, Asesoría Xurídica
 - D^a María Dapena Gómez, xefa de Área de Recursos Humanos e Formación
- Como responsables da área técnica, correspondente co rol e responsabilidades da planificación, implantación e administración do programa de tratamento de documentos.
 - D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica.
 - D^a Carolina Pérez Aguilera , xefa do Arquivo da XMU
 - D. Pablo Sevilla Valcárcel, técnico responsable de Administración Electrónica da XMU

asistidos no seu labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal do Concello de Vigo, e polo persoal municipal de apoio que resulte necesario para acadar os seus obxectivos, coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo nesta materia, nos termos sinalados na parte expositiva da presente resolución. En particular, na primeira fase dos traballos, para abordar as tarefas de actualización da xestión á entrada en vigor das previsións da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, resultará fundamental a colaboración da área de Fomento, polo volume de tramitación de expedientes de contratación, polo que se deberá incorporar aos traballos que desenvolva o Comité ao responsable administrativo da área de Fomento.

Segundo.- Para o desenvolvemento das funcións encomendadas, os Grupos de Traballo Sectorial do Esquema Nacional de Interoperabilidade contarán coa colaboración de todos os servizos e áreas municipais, en canto sexan requiridos.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo aos membros da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal do Concello de Vigo, ao membros dos Grupos de traballo sectoriais constituídos e á Xunta de Goberno Local, así como dar

publicidade ao mesmo a través da súa inserción na Intranet municipal e no Portal da Transparencia municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

18(58).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez